ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02

Documento asinado

CONCELLO DE VIGO
Expte. 2187/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 23 de OUTUBRO de 2026

ASISTENTES:

Membros :
D. Abel Caballero Álvarez
Dª Mª Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
Dª Elena Espinosa Mangana
Dª Mª José Caride Estévez
Dª. Ana M.ª Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
Dª Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

Dª Yolanda Aguiar Castro

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e tres de outubro de dous mil vinte e seis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(918).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do dezaseis de outubro de dous mil vinte e seis. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

2(919).- ACORDO MARCO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE PROCURADORÍA PARA A REPRESENTACIÓN DO CONCELLO DE VIGO PERANTE DISTINTOS ÓRGANOS XUDICIAIS: REDISTRIBUCIÓN DA AUTORIZACIÓN DE GASTO 2026. EXPTE. 17501/111.
Visto o informe de fiscalización de data 19/10/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 14/10/2026, asinado pola técnica de Xestión, a letrada asesora xurídica, a letrada-titular de Asesoría Xurídica e conformado pola concelleira da Área

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/10/2026	Páxina 1 de 84
2187-1102 Aprobado por XGL 30/10/2026	CSV: AABD29-C28B38-ED8687-XXZGEA-	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. O 18 de xullo do 2024 acordouse o inicio do expediente administrativo nº 17501-111 para a contratación dos servizos de procuradoría para a representación do Concello de Vigo e, tras a correspondente tramitación, na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local (XGL) do 18 de outubro do 2024 acordouse a aprobación do expediente de contratación e o gasto máximo, así como a apertura do procedemento de contratación.

II. Tras a presentación das proposicións e a cualificación dos documentos e o exame e valoración das proposicións, mediante acordo da XGL do 7 de febreiro do 2025 foi adxudicado o Acordo marco para a contratación polo Concello de Vigo dos servizos de procuradoría dos tribunais aos seguintes licitadores:

LOTE 1: Partido xudicial de Vigo

1. María Jesús Nogueira Fos
2. Paula Llordén Fernández-Cervera

LOTE 2: Partido xudicial de A Coruña

1. Garrido Procurador e Asociados S.L.P.
2. Begoña Millán Iribarren

LOTE 3: Partido xudicial de Madrid

1. María del Mar Villa S.L.

O prazo de execución do acordo marco é de 2 anos, sen prexuízo de que a duración dos contratos derivados que se adxudiquen durante a vixencia do acordo marco excedan na súa duración a este. Prevense 2 prórrogas dun ano de duración cada unha. Cláusula 7 PCAP, aprobado en sesión ordinaria da XGL de data 18 de outubro do 2024. No mesmo senso, a cláusula 4 dos documentos administrativos de formalización do acordo marco:

	Adxudicatarios	Data de formalización
Partido xudicial de Vigo	María Jesús Nogueira Fos	5/3/2025
	Paula Llordén Fernández-Cervera	6/3/2025
Partido xudicial de A Coruña	Garrido Procurador e Asociados, S.L.P.	17/3/2025
	Begoña Millán Iribarren	6/3/2025
Partido xudicial de Madrid	María del Mar Villa, S.L.	13/3/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02

Documento asinado

III. O importe total do contrato se configura polo gasto real acumulado polas diferentes actuacións procesuais requiridas durante o seu período de vixencia, segundo as necesidades do Concello, polo tanto non foi posible definir con exactitude ao tempo de celebrar o acordo marco, o número total de prestacións incluídas no obxecto do contrato, por estar subordinadas as actuacións procesuais ao número de asuntos xudiciais que se xeren durante o período de vixencia do acordo marco. A tendencia de procedementos xudiciais vese afectada por varias circunstancias, non sendo previsible a materia e contías dos asuntos que poidan xurdir.

En consecuencia, a cláusula 23 do PCAP, reguladora do procedemento para a adxudicación dos contratos derivados do acordo marco, prevé:

> "1.- A adxudicación dos contratos de servizos derivados deste acordo marco efectuarase directamente, sen necesidade de convocar ás partes a unha nova licitación, a cada un dos procuradores seleccionados para cada lote seguindo unha quenda rotatoria que se establecerá de conformidade coa orde de clasificación de cada lote -de maior a menor puntuación- das proposicións, obtida no procedemento de licitación do acordo marco.
>
> 2.- Co fin de garantir unha adecuada cobertura da necesidade de representación procesual do Concello mediante procurador/a naqueles procedementos xudiciais que o estime pertinente a Asesoría Xurídica, como unidade xestora do contrato, proporá ao concelleiro/a de Área de Xestión Municipal a adxudicación a cada procurador/a do correspondente contrato de servizos, o que se comunicará ao correspondente procurador/a.
>
> 3.- A duración de cada contrato de servizos estenderase ata a conclusión do respectivo procedemento xudicial e que inclúe o mantemento da cobertura do seguro requirido no prego ata a finalización do proceso."

Por outra banda, as obrigas económicas derivadas de cada contrato derivado non poden ser tampouco determinadas no momento da súa adxudicación, xa que dependen das actuacións efectivamente realizadas e de que estean previstas no correspondente arancel de dereitos dos profesionais da Procura, e as cales, na súa maioría, determínanse en función da contía do proceso xudicialmente establecida no curso da tramitación do procedemento xudicial.

Así, o número de contratos derivados por lotes e anualidades ata o de agora é o seguinte:

	Número de contratos derivados 2025	Número de contratos derivados (no que vai do 2026)
Partido xudicial de Vigo	83	86
Partido xudicial de A Coruña	186	46
Partido xudicial de Madrid	4	9

S.ord. 23/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02
Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02

Documento asinado

No ano 2025 existe un elevado volume de contratos derivados no lote 2 do acordo marco (186 contratos derivados en total, fronte aos 46 contratos derivados que levamos no 2026). A gran maioría deles en relación con recursos contencioso administrativos contra o PXOM. Así, a aprobación definitiva do PXOM supuxo unha elevada litixiosidade no partido xudicial de A Coruña.

Na sesión extraordinaria do 26 de maio do 2025 o Pleno do Concello de Vigo acordou a aprobación definitiva da "Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Vigo". Publicado no DOG núm. 123, do 30 de xuño de 2025 e no BOPPO núm. 146, do 4 de agosto de 2025. Por resolución da directora xeral de Urbanismo do 7 de xullo de 2025 procedeuse á inscrición da Revisión do Plan xeral de ordenación municipal de Vigo no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia. Tras a súa entrada en vigor foron presentados numerosos recursos contencioso-administrativos seguidos ante o Tribunal Superior de Xustiza de A Coruña. Constan presentados 157 recursos contencioso-administrativos, número superior aos interpostos fronte ao anterior PXOM 2008 que ascendían a 123.

A remisión do/s expediente/s administrativo/s xudicialmente requiridos realizouse nunha memoria externa (USB) dado que debido ao seu volume (superior a 400 Gb) e características non foi posible a remisión directa a través do cargador de expedientes administrativos INSIDE. Foi necesario a designación de procurador/a, para levar a cabo as correspondentes tarefas de presentación do/s expediente/s administrativo/s, presentación de escritos procesuais, traslado de copias e realización de actos de comunicación procesual.

IV. A fin de manter o maior encaixe temporal posible na execución do gasto, trátase de realizar todos os pagamentos posibles, tendo en conta que continúan rexendo as obrigas contractuais de cara á boa execución do PPT e do PCAP, naqueles casos en que as contías están xa fixadas ou sexan mera aplicación de preceptos legais ao ser coñecidos os obxectos dos recursos, en aplicación da norma do arancel que prevé "*los derechos fijados en este arancel se entenderán totalmente devengados desde el momento del inicio de la actuación de que se trate, sin perjuicio de que las partes puedan acordar otra forma de devengo*" (art. 1 do Título I do Real Decreto 434/2024, de 30 de abril).

Con respecto aos documentos contables ADMC xerados pola incorporación de remanentes do 2025, resulta necesario realizar o axuste que a continuación se exporá.

Esta necesidade resulta da elevada litixiosidade que xurdiu no partido xudicial de A Coruña con motivo da aprobación definitiva do PXOM e do carácter imprevisible dos gastos no momento en que se adxudican os contratos derivados dada a suxeición a arancel e a súa aplicación sobre contías que só é posible coñecer unha vez chegada á fase procesual de fixación xudicial de contía de cada preito (á vista da demanda e contestación). O que dificulta o coñecemento anticipado das obrigas económicas que derivarán dos servizos, en tanto non se trata de prestacións e contías periódicas, nin de contratos que teñan unha duración determinada ao depender do tempo de duración de cada procedemento xudicial.

Isto conlevou que a facturación no Lote 2 (partido xudicial de A Coruña) sexa moi superior ao inicialmente previsto. Realizados os cálculos dos importes xa pagados no Lote 2 e dos importes que están en tramitación ou serán de inminente tramitación, xa se consumirían na súa totalidade os citados documentos contables ADMC (incorporación de remanentes 2025). Sen embargo, no Lote 3 (partido xudicial de Madrid) dado que só existen catro

procedementos xudiciais en curso en relación cos contratos derivados 2025 e só é posible a facturación nun deles (contrato derivado exp. 19435/111: 128,43 euros), resultaría un saldo de +12.744,57 euros.

Polo tanto, partindo dos datos existentes e das necesidades expostas, tendo en conta a imposibilidade de reincorporación ao vindeiro exercicio dos remanentes do 2025, resulta necesario trasladar o saldo restante do Lote 3 (CIF adxudicatario B85449528, ADMC 12026000011996) ao Lote 2 (CIF adxudicatario B70321195, ADMC 12026000011954), en base ao elevado número de procedementos no dito Lote e das contías xudicialmente fixadas determinantes dos importes a facturar polo adxudicatario.

V. O órgano competente en materia de contratación e autorización e disposición de gastos da súa competencia é a Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP e art. 127.g) da LRBRL)

Á vista do exposto anteriormente e das competencias atribuídas pola vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Resolución da Alcaldía do 19 de xuño de 2023 aprobando a Estrutura da Administración do Concello de Vigo, Resolución de Alcaldía de 21 de xuño de 2023 aprobando a delegación de competencias xenéricas nos concelleiros de Área de Goberno e concelleiros delegados, e acordos da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño de 2023 aprobando a "Delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias, do 28/06/2024, do 25/09/2025 e do 7/11/2025), atendendo ás necesidades expostas, e previo informe de Intervención, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, a aprobación do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Redistribuír entre lotes, na anualidade 2026, a autorización de gasto do acordo marco, minorando en 12.744,57 € (IVE incluído) a autorización do lote 3 (partido xudicial de Madrid) e aumentando en 12.744,57 € (IVE incluído) a do lote 2 (partido xudicial de A Coruña), ambas con cargo á aplicación orzamentaria 9200 2260400, sen variación do importe total autorizado nin o da anualidade. Esta redistribución, que non supón un reaxuste de anualidades, constitúe unha operación interna da autorización de gasto e non unha modificación do contrato nin do valor estimado do acordo marco, polo que non altera as condicións do prego nin os dereitos dos procuradores adxudicatarios.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 23/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02

Documento asinado

3(920).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO TACGAL, RECAÍDA NO RECURSO INTERPOSTO CONTRA OS PREGOS DA CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO A PERSOAS EMPRENDEDORAS E PEQUENAS E MEDIANAS EMPRESAS PEMES. EXPTE. 22085/77.

Sométese a aprobación a proposta da xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos, de data 19/10/2026, que di o seguinte:

1º Tomar razón da Resolución nº 239/2026 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), recaída no recurso nº 233/2026, interposto por SERFIS ASESORÍA E XESTIÓN SL contra os pregos da contratación da prestación de servizos, por persoal especializado, de información e asesoramento a persoas emprendedoras e pequenas e medianas empresas (PEMES) e súa consolidación, co obxectivo de promover o empregos, expediente 22085-77 do Concello de Vigo. Na mesma o TACGAL desestima o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

> 1. Desestimar o recurso interposto por SERFIS ASESORÍA E XESTIÓN SL contra os pregos da contratación da prestación de servizos, por persoal especializado, de información e asesoramento a persoas emprendedoras e pequenas e medianas empresas (PEMES) e súa consolidación, co obxectivo de promover o empregos, expediente 22085-77 do Concello de Vigo.
>
> 2. Levantar a suspensión acordada no seu día.
>
> 3. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

2º Dar traslado a Area de Contratación e Novos Proxectos para a a continuación da tramitación do expediente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(921).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DO PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN, FORMACIÓN E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO ENTRE A MOCIDADE "ENLAZAVIGO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO 2026". EXPTE. 14601/224.

Visto o informe de fiscalización de data 16/10/2026, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada o 15/10/2026, que di o seguinte:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02

Documento asinado

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo do programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero entre a mocidade "Enlazavigo contra a violencia de xénero 2026" (14601-224)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo do programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero entre a mocidade "Enlazavigo contra a violencia de xénero 2026" (14601-224)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 21 de agosto de 2026 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- "Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria con múltiples criterios de valoración, para a xestión do "Programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero entre a mocidade. EnlazaVigo contra a violencia de xénero 2026".

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado en data 23.07.2026 pola técnica de administración xeral e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

Terceiro.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado en data 18.06.2026 pola axente de igualdade e pola xefa do Servizo de Igualdade e conformado na mesma data pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio e pola concelleira da Área de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total de 28.066,57 € para facer fronte á contratación da xestión do "Programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero entre a mocidade. EnlazaVigo contra a violencia de xénero 2026", que se imputará con cargo ao orzamento vixente do Servizo de Igualdade distribuído do seguinte xeito: 8.504,77 €, con cargo á partida "Actuacións contra a violencia de xénero" 2311 2260603 número de proxecto 25231103 e o importe de 19.561,80 €, con cargo á partida "Actuacións contra a violencia de xénero" 2311 2260603.

S.ord. 23/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02

Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02

Documento asinado

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección da contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 1 de outubro de 2026 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo do programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero entre a mocidade "Enlazavigo contra a violencia de xénero 2026" (14601-224) na seguinte orde descendente:

	Licitador	***Puntuación total***
1	***FOROX INNOVACIÓN, SL***	***97.75***
2	*EMOCIONAL TECHNOLOGIES 22 SOCIEDAD LIMITADA*	*87.90*

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, FOROX INNOVACIÓN, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. *A documentación esixida na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
2. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 18.4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, FOROX INNOVACIÓN, SL, o día 2 de outubro de 2026, que presenta a documentación requirida os días 5 e 6 de outubro de 2026, dentro do prazo concedido.

Esta documentación, xunto coa que figura no expediente, consta de:

- A escritura de constitución da licitadora onde figuran os estatutos co seu obxecto social e o nomeamento da súa representante.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (16.710,66 €), presentan as contas do ano 2023 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade. O depósito e aprobación das contas achegadas figura na documentación de adxudicación presentada no expediente 14434-224 (trámite 191).

- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (19.646,60 €), figura no expediente certificado de boa execución no que o importe do ano 2025 supera esta cantidade.
- Seguro de caución por un importe de 1.125,21 € que cubre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.
- Os certificados positivos de débedas da AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Ademais desta documentación, figura no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 15 de outubro de 2026 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar FOROX INNOVACIÓN, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por FOROX INNOVACIÓN, SL, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliables mediante xuízo de valor e das proposicións avaliables mediante fórmula, de datas 21 e 29 de setembro de 2026 e DATA INFORME SOBRE C, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

S.ord. 23/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02
Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02

Documento asinado

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a FOROX INNOVACIÓN, SL o procedemento aberto para a contratación do servizo do programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero entre a mocidade "Enlazavigo contra a violencia de xénero 2026" (14601-224) coas seguintes condicións:

a) *O prezo total do contrato é de 26.411,15 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.906,89 euros cunha porcentaxe de desconto do 3,75% a aplicar ao prezo unitario recollido no apartado 3.I) do Anexo I -FEC- do PCAP relativo á impartición dos obradoiros formativos dirixidos ao alumnado (parte variable) e co seguinte detalle:*

	IVE	***Importe C/IVE***
Parte fixa	*3.906,89 €*	*22.511,15 €*
Parte variable	*exento*	*3.900,00*
Totais	***3.906,89 €***	***26.411,15 €***

b) Incrementa a experiencia laboral da persoa dinamizadora en 3 meses (a maiores dos 3 meses mínimos esixidos na cláusula 2.7 do PPTP) en proxectos de dinamización de grupos xuvenís.

c) Incrementa a experiencia laboral da persoa formadora en 25 horas (a maiores das 25 horas mínimas esixidas na cláusula 2.7 do PPTP) na impartición á poboación xove de obradoiros/charlas/cursos de promoción da igualdade de xénero e/ou a prevención da violencia de xénero.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(922).- SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO EVENTO "CAMPIONATO DE ESPAÑA SUB-14 DE ATLETISMO POR EQUIPOS". EXPTE. 25979/333.

Visto o informe xurídico de data 01/10/2026 e o informe de fiscalización do 19/10/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 29/09/2026, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-Director Deportivo e conformado polo concelleiro delegado de Deportes, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02

Documento asinado

CONCELLO DE VIGO

Expte. 2187/1102

1.- ANTECEDENTES

1.1.- Con data 19.08.26 en n/r da entidade Federación Galega de Atletismo solicitou ó Concello de Vigo unha subvención para a organización e desenvolvemento na cidade de Vigo do proxecto Campionato de España Sub-14 de atletismo.

1.2.- Xunto a dita solicitude, a entidade interesada presenta a seguinte documentación:

- Orzamento equilibrado de ingresos-gastos.
- Declaración responsable.
- Proxecto deportivo do Evento.
- Documento acreditativo dos dereitos de organización.
- Certificado de ausencia de débedas coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo.
- Certificado titularidade conta bancaria.
- NIF da entidade, DNI do representante.
- Certificado de composición de xunta directiva.

2.- FUNDAMENTOS

Primeiro.- Consideracións xerais

1.- O Concello de Vigo de conformidade co artigo 25.2.l da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a promoción do deporte e as instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre, así mesmo o artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recolle que o municipio exercerá, en todo caso, as competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma en materia de actividades e instalacións culturais e deportivas e a ocupación do tempo libre.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para a cidade converterse en acolledora de eventos deportivos do máis alto nivel competitivo.

2.- Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

3.- A Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”.

Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento dunha liña de apoio ó desenvolvemento de proxectos e eventos

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/10/2026	Páxina 11 de 84
2187-1102 Aprobado por XGL 30/10/2026	CSV: AABD29-C28B38-ED8687-XXZGEA-	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

deportivos de interese xeral para a cidade de Vigo, dinamizados por diferentes entidades, e á promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover a celebración de eventos deportivos na cidade.

Neste ámbito, e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo que, pola súa propia estrutura, impiden ou limitan a capacidade para planificar unha determinada actuación cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos estes calendarios se configuran a partir de decisións dos organismos nacionais ou internacionais que ostentan os dereitos das competicións e cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión das administracións.

A subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido no dito plan (Liña 4-.Fomento actividades sociais-4.5-.Dinamización de eventos deportivos) a potenciar a imaxe de Vigo como cidade do deporte acolledora de eventos deportivos como ferramenta de colaboración e apoio a entidades organizadoras e como medio de promoción turística, creando un entorno de promoción do deporte vinculado ó espectáculo deportivo como ferramenta de ocio e espectáculo deportivo, colaborando no desenvolvemento de programas e eventos de promoción deportiva, entre outras cuestións.

Neste caso o Campionato de España de Atletismo Sub-14 de atletismo é o máis relevante na modalidade nesta franxa de idade.

Segundo.- O carácter excepcional da subvención.

O carácter excepcional que dificulta a convocatoria pública desta proposta de subvención ven determinado pola singularidade, envergadura e porque a Federación Galega de Atletismo ostenta dereitos únicos deportivos sobre o proxecto.
Non é posible atopar eventos comparables a nivel nacional, xa que se trata dun evento único, no que participan os e as deportistas con maior nivel nesta modalidade a nivel nacional.

Dita relevancia deportiva e social queda avalada en primeiro lugar polo volume de participantes, coa participación de deportistas de practicamente todo territorio nacional, ata 30 equipos compostos por 8 atletas, o que significa que a cidade acollerá ata a 240 dos e das mellores atletas do país. Esta cifra é moi relevante, e converte ó evento nun espectáculo deportivo de gran espectacularidade.

A especialización e a excelencia previstas polo evento o colocan nunha categoría única e destacada na modalidade, outorgándolle un nivel óptimo de acollida na cidade.

O “CTO. DE ESPAÑA ATLETISMO SUB-14 POR EQUIPOS ” garante un nivel competitivo e espectáculo que supera calquera outro do noso entorno.

Terceiro.- **O** interese público, social, económico o humanitario do proxecto a subvencionar e imposibilidade de convocatoria pública.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02

Documento asinado

Na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, como o feito de que se trate dun proxecto único, de grande repercusión a nivel Nacional, que conte cunha ampla promoción da actividade deportiva e o alto nivel deportivo da competición, que atraerá á cidade ós es ás mellores deportistas a nivel nacional.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

A singularidade e relevancia do evento atrae a participación de cerca de 240 deportistas de todo o territorio nacional, o que permite colocar a Vigo como polo de atención durante a súa celebración.

Por outra banda, esta subvención tamén queda xustificada no interese económico e social municipal que presenta o evento para esta cidade.

O “CTO. DE ESPAÑA ATLETISMO SUB-14 POR EQUIPOS ” ten non só un impacto deportivo e social da máxima relevancia. Ademais, atrae a un importante volume de espectadores, xerando un importante fluxo de ingresos para a hostalaría, o comercio local, outros sectores relacionados e, en definitiva, para a cidade, constituíndose nun motor económico de impulso para o turismo, o comercio local, a creación de emprego e a promoción da imaxe da cidade a nivel nacional.

Estes datos identifican claramente a envergadura do evento que se vai desenvolver na cidade, cunha repercusión nacional relevante, coa presenza dos e das mellores deportistas do panorama nacional e cunha asistencia de público moi destacada.

Este evento ademais de servir de escaparate para a cidade, ofrecendo a oportunidade de mostrar a capacidade de Vigo como sede de grandes competicións, impulsará ó comercio local, promovendo obxectivos en liña cos obxectivos do Concello de Vigo neste ámbito.

As características propias do evento, cuxos dereitos únicos de organización recaen sobre a Federación Galega de Atletismo, imposibilitan a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa, fundamentada, ademais, nos seguintes argumentos:

- Promoción do deporte vigués, favorecendo a consolidación de Vigo como “Cidade acolledora de grandes eventos deportivos”.
- Fomento de proxectos que propicien actuacións prioritarias na busca da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:
  - Atracción de proxectos que supoñan a consolidación do tecido produtivo na súa relación do deporte.
  - O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
  - Dinamización de propostas de interese para a cidadanía.
  - Creación de pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos para os e as deportistas vigueses mais mozos.

S.ord. 23/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02
Documento asinado

- Celebración de grandes competicións deportivas que potencien a práctica deportiva entre os deportistas vigueses e as deportistas viguesas.
- Promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, a proposta exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

En conclusión, e en relación co anteriormente exposto, considérase acreditado que a celebración deste evento deportivo ten un claro carácter de interese público e social para a cidade de Vigo, quedando xustificado ademais o seu carácter excepcional, o que fundamenta a proposta de tramitación dunha subvención. Ademais, consonte co artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, a subvención canalizarase a través dunha resolución cuxo texto se someterá á aprobación por parte da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

PROPOSTA

Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión dunha subvención por importe de 17.000,00 € a favor da entidade Federación Galega de Atletismo (CIF G15103500) para a organización na cidade de Vigo do evento deportivo “CTO. DE ESPAÑA DE ATLETISMO SUB-14 POR EQUIPOS” de acordo coas condicións e compromisos que se detallan no texto anexo no presente expediente.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 17.000,00 € para subvencionar a organización na cidade de Vigo do “CTO. DE ESPAÑA DE ATLETISMO SUB-14 POR EQUIPOS” a favor da entidade Federación Galega de Atletismo (CIF G15103500), segundo resulta da documentación do expediente nº 25979-333. Este crédito aplicarase con cargo á aplicación orzamentaria 3410.4890001 do orzamento xeral vixente da Concellería de Deportes.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02

Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02

Documento asinado

CONCELLO DE VIGO
Expte. 2187/1102

ANEXO

CONDICIÓNS E COMPROMISOS VINCULADOS COA PROPOSTA DE SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO (CIF G15103500) EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO PROXECTO DEPORTIVO "CTO. DE ESPAÑA ATLETISMO SUB-14 POR EQUIPOS " (Expte.25979-333).

I.- O obxecto desta resolución é regular o outorgamento da subvención polo desenvolvemento do proxecto de organización do proxecto deportivo **"CTO. DE ESPAÑA ATLETISMO SUB-14 POR EQUIPOS "**.

II.- O Concello de Vigo ten interese en potenciar a oferta deportiva que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as manifestacións da cultura e deporte. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta deportiva diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores deportivos.

III.- Esta resolución incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que persegue.

IV.- O carácter deportivo e cultural se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.l e 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

V. A entidade Federación Galega de Atletismo non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 25979-333.

En base ás precedentes consideracións e ao interese deportivo que para a cidade de Vigo representa a celebración na cidade de Vigo do **"CTO. DE ESPAÑA ATLETISMO SUB-14 POR EQUIPOS "**, se establecen os seguintes compromisos:

COMPROMISOS

Primeiro.- A entidade Federación Galega de Atletismo deberá:

1º.- Organizar o evento deportivo **"CTO. DE ESPAÑA ATLETISMO SUB-14 POR EQUIPOS"** nas condicións detalladas na memoria presentada pola entidade e que acompaña ó expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven do desenvolvemento do proxecto.

S.ord. 23/10/2026

3º.- Garantir as condicións necesarias co fin de acadar os obxectivos previstos no programa.

4º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades

5º.- Dar axeitada publicidade ao financiamento municipal.

6º.- Realizar unha memoria do evento deportivo, que recolla resultados, colaboracións, clasificacións, actos, fotografías que inclúan a imaxe institucional durante o desenvolvemento do evento, etc... , e entregala ó Concello de Vigo xunto coa xustificación.

7º.-.En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

8º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Conceder á entidade Federación Galega de Atletismo unha subvención pola organización do **"CTO. DE ESPAÑA ATLETISMO SUB-14 POR EQUIPOS "** por importe de 17.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.4890001 do orzamento en vigor da Concellería de deportes mediante transferencia bancaria á conta facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento do proxecto.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á celebración do evento deportivo.

Autorizar o uso das pistas municipais de atletismo para a celebración do evento.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos na presente resolución.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferencia de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02

Documento asinado

actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada de conformidade co indicado no artigo 29 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

Sexto.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Sétimo.- A beneficiaria terá de prazo ata o 15 de novembro de 2026 para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a entidade beneficiaria está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica https://sede.vigo.org

A teor do disposto no artigo 81 do Regulamento da Lei 38/2003, establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas n presente resolución, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel. As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto desta subvención. Os gastos xustificativos con facturas e demáis

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/10/2026	Páxina 17 de 84
2187-1102 Aprobado por XGL 30/10/2026	CSV: AABD29-C28B38-ED8687-XXZGEA-	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentaráse en orixinal. As facturás cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito determinado correspondan á natureza da actividade subvencionada.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os "gastos financeiros" da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe da subvención.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Décimo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación, será comprobada pola área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes. O persoal técnico do Servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Servizo de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02

Documento asinado

presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A presente resolución terá vixencia dende a súa sinatura ata o 15 de novembro de 2026 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación e non será prorrogábel.

Décimo cuarto.- A área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación desta resolución, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire esta resolución e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo sexto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto da presente resolución, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- En cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións.

A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o estabelecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto da presente resolución rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen nesta resolución; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

S.ord. 23/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02

Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02

6(923).- SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE CLUB BMX CROMOLY EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO EVENTO "CAMPIONATO DE ESPAÑA BMX NA CIDADE DE VIGO". EXPTE. 25978/333.

Visto o informe xurídico de data 15/09/2026 e o informe de fiscalización do 19/10/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 07/09/2026, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-Director Deportivo e conformado polo concelleiro delegado de Deportes, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

1.1.- Con data 11.08.26, José Antonio Vilar González, en n/r da entidade Club Cromoly, solicitou ó Concello de Vigo unha subvención por importe de 8.000,00€ para a organización na cidade de Vigo do Cto. De España BMX Freestyle.

1.2.- A solicitude de subvención inclúe un orzamento equilibrado de ingresos-gastos por un importe total de 8.000,00€.

1.3.- Xunto a dita solicitude, a entidade interesada presenta a seguinte documentación:

- Proxecto deportivo.
- Anexos I.1 (modelo solicitude), I.2 (Orzamento equilibrado de ingresos-gastos) e I.3 (declaración responsable).
- Certificado de ausencia de débedas coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo.
- Certificado de inscrición no Rexistro Nacional de asociacións.
- Certificado titularidade conta bancaria.
- CIF da entidade e estatutos da entidade.
- Certificado de composición da Xunta directiva.
- Documento acreditativo dos dereitos de organización.

2.- FUNDAMENTOS

Primeiro.- Consideracións xerais

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para a cidade converterse en acolledora de eventos deportivos do máis alto nivel competitivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

Neste caso o evento Campionato de España BMX Freestyle é o evento máis relevante a nivel nacional da modalidade.

A Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un "Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo".

Documento asinado

Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como "cidade do deporte", inclúe o desenvolvemento dunha liña de apoio ó desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos de interese xeral para a cidade de Vigo, dinamizados por diferentes entidades, e á promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover a celebración de eventos deportivos na cidade.

Neste ámbito, e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo que, pola súa propia estrutura, impiden ou limitan a capacidade para planificar unha determinada actuación cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos, como é este, estes calendarios se configuran a partir de decisións dos organismos nacionais ou internacionais que ostentan os dereitos das competicións e cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión das administracións.

A subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido no dito plan (Liña 4-.Fomento actividades sociais-4.5-.Dinamización de eventos deportivos) a potenciar a imaxe de Vigo como cidade do deporte acolledora de eventos deportivos como ferramenta de colaboración e apoio a entidades organizadoras e como medio de promoción turística creando un entorno de promoción do deporte vinculado ó espectáculo deportivo como ferramenta de ocio.

Segundo.- **O** carácter excepcional da subvención.

O carácter excepcional que dificulta a convocatoria pública desta proposta de subvención ven determinado pola singularidade e envergadura do proxecto, e pola exclusividade nos dereitos de organización, que os ostenta a Federación Española, quen ten a potestade de cedelos a entidades deportivas do ámbito nacional.

O evento é único xa que a competición é única a nivel nacional, e conta co maior nivel deportivo a nivel nacional nesta modalidade.

O evento acolle participantes de todas as comunidades autónomas, na que só poden participar os e as mellores deportistas do país.

A especialización e a excelencia alcanzadas polo evento o colocan nunha categoría única e destacada na modalidade, outorgándolle un nivel óptimo de acollida na cidade.

O Club Cromoly ostenta os dereitos únicos da competición, outorgados pola Federación Española de Ciclismo, tal e como queda acreditado na documentación aportada.

Terceiro.- O interese público, social, económico o humanitario do proxecto a subvencionar e imposibilidade de convocatoria pública.

S.ord. 23/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02

Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02

Documento asinado

Na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, como o feito de que se trate dun proxecto de grande repercusión a nivel Nacional, que conte cunha ampla promoción da actividade deportiva e o alto nivel deportivo da competición, que atraerá á cidade ós mellores deportistas nacionais da modalidade

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

A singularidade e relevancia do evento permite colocar a Vigo como polo de atención durante a súa celebración.

A competición obxecto deste informe ten non só un impacto deportivo da máxima relevancia. Ademais, atrae un número relevante de visitantes, xerando un importante fluxo de ingresos para a hostalaría, o comercio local, outros sectores relacionados e, en definitiva, para a cidade, constituíndose nun motor económico de impulso para o turismo, o comercio local, a creación de emprego e a promoción da imaxe da cidade.

Estes datos identifican claramente a importancia do evento que se vai desenvolver na cidade, cunha repercusión relevante, coa presenza de deportistas de todo o país e cunha asistencia de público destacada.

Este evento ademais de servir de escaparate para a cidade, ofrecendo a oportunidade de mostrar a capacidade de Vigo como sede de grandes competicións, impulsará ó comercio local, promovendo obxectivos en liña cos obxectivos do Concello de Vigo neste ámbito.

As características propias do evento imposibilitan a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa, fundamentada, ademais, nos seguintes argumentos:

- Promoción do deporte vigués, favorecendo a consolidación de Vigo como “Cidade acolledora de grandes eventos deportivos”.
- Fomento de proxectos que propicien actuacións prioritarias na busca da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:
  - Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.
  - Atracción de proxectos que supoñan a consolidación do tecido produtivo na súa relación do deporte.
  - O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
  - Dinamización de propostas de interese para a cidadanía.
  - Creación de pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos para os e as deportistas vigueses mais mozos.
  - Celebración de grandes competicións deportivas que potencien a práctica deportiva entre os deportistas vigueses e as deportistas viguesas.
  - Promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, a proposta exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será

necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

En conclusión, e en relación co anteriormente exposto, considérase acreditado que a celebración deste evento deportivo ten un claro carácter de interese público e social para a cidade de Vigo, quedando xustificado ademais o seu carácter excepcional, o que fundamenta a proposta de tramitación dunha subvención. Ademais, a proposta de subvención consta nominativamente no orzamento da Concellería de deportes do ano 2024, polo que consonte co artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia cuxa concesión canalizarase a través dunha resolución cuxo texto se someterá á aprobación por parte da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

PROPOSTA

Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión dunha subvención por importe de 8.000,00 € a favor da entidade Club Cromoly (CIF G27858471) para a realización do evento deportivo "Campionato de España BMX FreeStyle" de acordo coas condicións e compromisos que se detallan no texto anexo no presente expediente.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 8.000,00€ para subvencionar a celebración do "Campionato de España BMX FreeStyle" a favor da entidade Club Cromoly (CIF G27858471), segundo resulta da documentación do expediente nº 25978-333. Este crédito aplicarase con cargo á aplicación orzamentaria 3410.489.00.01 do orzamento xeral vixente da Concellería de Deportes.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

CONDICIÓNS E COMPROMISOS VINCULADOS COA PROPOSTA DE SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE **CLUB BMX CROMOLY EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO EVENTO "CTO. DE ESPAÑA BMX FREESTYLE NA CIDADE DE VIGO" (Expte. 25978-333).**

I.- O obxecto desta resolución é regular o outorgamento da subvención polo desenvolvemento do proxecto de organización do proxecto deportivo Campionato de España BMX Freestyle na cidade de Vigo.

II.- O Concello de Vigo ten interese en potenciar a oferta deportiva que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as manifestacións da cultura e deporte. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta deportiva diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores deportivos.

S.ord. 23/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02

Documento asinado

III.- Esta resolución incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que persegue.

IV.- O carácter deportivo e cultural se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.l e 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

V. A entidade Club Cromoly non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 25978-333.

En base ás precedentes consideracións e ao interese deportivo que para a cidade de Vigo representa a celebración na cidade de Vigo do Campionato de España BMX Freestyle, se establecen os seguintes compromisos:

COMPROMISOS

Primeiro.- A entidade Club Cromoly deberá:

1º.- Organizar o evento deportivo Campionato de España BMX Freestyle nas condicións detalladas na memoria presentada pola entidade e que acompaña ó expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven do desenvolvemento do proxecto.

3º.- Garantir as condicións necesarias co fin de acadar os obxectivos previstos no programa.

4º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades

5º.- Dar axeitada publicidade ao financiamento municipal.

6º.- Realizar unha memoria do evento deportivo, que recolla resultados, colaboracións, clasificacións, actos, fotografías que inclúan a imaxe institucional durante o desenvolvemento do evento, etc... , e entregala ó Concello de Vigo xunto coa xustificación.

7º.-.En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

8º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Conceder á entidade Club Cromoly unha subvención pola organización do Campionato de España BMX Freestyle por importe de 8.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.4890001 do orzamento en vigor da Concellería de deportes mediante transferencia bancaria á conta facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento do proxecto.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02

Documento asinado

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á celebración do evento deportivo.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos na presente resolución.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferencia de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada de conformidade co indicado no artigo 29 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

Sexto.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Sétimo.- A beneficiaria terá de prazo ata o 15 de novembro de 2026 para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a entidade beneficiaria está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica https://sede.vigo.org

A teor do disposto no artigo 81 do Regulamento da Lei 38/2003, establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou

S.ord. 23/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02

Documento asinado

telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas en papel.

A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas na presente resolución, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas en papel. As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto desta subvención. Os gastos xustificativos con facturas e demáis documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentaráse en orixinal. As facturás cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.
- En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.
- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito determinado correspondan á natureza da actividade subvencionada.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe da subvención.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02

Documento asinado

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Décimo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación, será comprobada pola área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes. O persoal técnico do Servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Servizo de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A presente resolución terá vixencia dende a súa sinatura ata o 15 de novembro de 2026 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación e non será prorrogábel.

Décimo cuarto.- A área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación desta resolución, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire esta resolución e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo sexto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto da presente resolución, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos

S.ord. 23/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02

Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02

Documento asinado

dixitais, sendo responsable do seu tratamento a área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- En cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e en aplicación dos principios recollidos nade 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións.

A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o estabelecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto da presente resolución rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen nesta resolución; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

7(924).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DOS LIBRAMENTOS DE FONDOS A XUSTIFICAR: ANO 2026. EXPTE. 103110/140.

Visto o informe de fiscalización de data 20/10/2026, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data, asinado pla xefa do Servizo de Fiscalización, o interventor xeral e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

En relación á/s contas xustificativas dos seguintes pagos a xustificar:

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificac.	Data legal de xustificación	Reintegro	S/ a favor
Abalde Comesaña Raquel	12026000038239	9120.2200100	1,200.00	794.80	04/15/26	07/24/26	07/15/26	405.20	---
Abalde Comesaña Raquel	12026000038241	9120.2300000	200.00	322.90	15/04/26	07/14/26	07/15/26	----	122.90
Abalde Comesaña Raquel	12026000039309	9120.2260100	1,500.00	761,95	04/20/26	07/27/26	07/20/26	738.05	---

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02

Documento asinado

CONCELLO DE VIGO

Expte. 2187/1102

Abalde Comesaña Raquel	12026000059213	9120.2310000	500.00	500,79	05/20/26	08/27/26	08/20/26	---	0,79
Abalde Comesaña Raquel	12026000066773	9120.2269900	500.00	563.43	17/06/26	08/25/26	09/17/26	----	63.43
Carballo Acuña Alberto	12026000072638	1320.2230000	1,500.00	----	07/02/26	09/30/26	10/02/16	1,500.00	---
Carballo Acuña Alberto	12026000072640	1320.2200000	300.00	----	07/02/26	09/21/26	10/02/26	300.00	---
Carballo Acuña Alberto	12026000073607	1320.2250200	3,000.00	796.42	07/07/26	09/21/26	10/07/26	2,203.58	---
Carballo Acuña Alberto	12026000073656	1320.2269900	1,000.00	876.41	07/08/26	09/30/26	10/08/26	123.59	---
Carballo Acuña Alberto	12026000073658	1320.2140000	1,000.00	263.58	07/08/26	09/21/26	08/10/26	736.42	---
Carballo Acuña Alberto	12026000073660	1320.2190000	1,000.00	----	07/08/26	09/21/26	10/08/26	1,000.00	---
Carballo Acuña Alberto	12026000073661	1320.2219900	1,000.00	200.18	07/08/26	09/30/26	10/08/26	799.82	---
Carballo Acuña Alberto	12026000073673	1320.2120000	1,000.00	----	07/08/26	09/21/26	10/08/26	1,000.00	---
Couce Senra Óscar	12026000044029	1532.2250100	800.00	351.55	04/27/26	07/24/26	07/27/26	448.45	---
Couce Senra Óscar	12026000044030	1532.2260100	1,000.00	----	04/27/26	07/24/26	07/27/26	1,000.00	---
Estrada Ibañez Sonia	12026000044031	9201.2260300	3,000.00	1,830.83	04/27/26	07/21/26	07/27/26	1,169.17	---
Fernández Fernández M.ª Paz	12026000029784	2310.4800000	300,000.00	230,443.46	04/06/26	08/27/26	07/06/26	69,556.54	---
García Álvarez Luis	12026000029786	2311.4800000	4,000.00	3,570.00	04/06/26	07/03/26	06/07/26	430.00	---
García Álvarez Luis	12026000071193	9200.2219902	500.00	24.74	06/22/26	10/02/26	09/22/26	475.26	---
García Álvarez Luis	12026000072642	2311.4800000	4,000.00	2,040.00	07/02/26	10/01/26	10/02/26	1,960.00	---
García Álvarez Luis	12026000073608	2410.2250001	93.92	93.92	07/07/26	07/14/26	10/07/26	----	---
García Álvarez Luis	12026000078260	1720.2269900	11,200.00	11,200.00	08/05/26	08/10/26	11/05/26	----	---
Vega Andión Óscar Miguel	12026000038189	9340.1620000	950.00	950.00	04/14/26	07/14/26	14/07/26	----	---
TOTAL			339,243.92	255,584.96				83,846.08	187.12

Procedeuse a comprobar por esta Intervención :

S.ord. 23/10/2026

Alcance da fiscalización	Si	Non
Se rendiron no prazo establecido a excepción das ordes de pago a xustificar n.º 12026000038239, 12026000039309 e 12026000059213 de Abalde Comesaña Raquel, n.º 12026000029784 de Fernández Fernández M.ª Paz e n.º 12026000071193 de García Álvarez Luis.	✔	
A conta está debidamente asinada e están relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración.	✔	
Os gastos concretos e determinados son adecuados ó fin para o que se entregaron os fondos.	✔	
Acredítase a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ó acreedor da factura ou xustificante.	✔	
Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobrante.	✔	

Resultado da fiscalización

De conformidade	Con observacións	De disconformidade
✔	As ordes de pago a xustificar n.º 12026000038239, 12026000039309 e 12026000059213 de Abalde Comesaña Raquel, n.º 12026000029784 de Fernández Fernández M.ª Paz e n.º 12026000071193 de García Álvarez Luis non se rendiron no prazo normativamente establecido.	

PROPOSTA

A Base 23 das Bases de Execución do Orzamento Xeral do ano 2026 indica que as contas xustificativas rendidas polos seus perceptores deberán ser aprobadas pola Xunta de Goberno Local, polo que se propón a aprobación das seguintes:

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificac.	Data legal de xustificación	Reintegro	S/ a favor
Abalde Comesaña Raquel	12026000038239	9120.2200100	1,200.00	794.80	04/15/26	07/24/26	07/15/26	405.20	---
Abalde Comesaña Raquel	12026000038241	9120.2300000	200.00	322.90	15/04/26	07/14/26	07/15/26	----	122.90
Abalde Comesaña Raquel	12026000039309	9120.2260100	1,500.00	761,95	04/20/26	07/27/26	07/20/26	738.05	---
Abalde Comesaña Raquel	12026000059213	9120.2310000	500.00	500,79	05/20/26	08/27/26	08/20/26	---	0,79
Abalde Comesaña Raquel	12026000066773	9120.2269900	500.00	563.43	17/06/26	08/25/26	09/17/26	----	63.43
Carballo Acuña Alberto	12026000072638	1320.2230000	1,500.00	----	07/02/26	09/30/26	10/02/16	1,500.00	---

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02

Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02

Documento asinado

Carballo Acuña Alberto	12026000072640	1320.2200000	300.00	----	07/02/26	09/21/26	10/02/26	300.00	---
Carballo Acuña Alberto	12026000073607	1320.2250200	3,000.00	796.42	07/07/26	09/21/26	10/07/26	2,203.58	---
Carballo Acuña Alberto	12026000073656	1320.2269900	1,000.00	876.41	07/08/26	09/30/26	10/08/26	123.59	---
Carballo Acuña Alberto	12026000073658	1320.2140000	1,000.00	263.58	07/08/26	09/21/26	08/10/26	736.42	---
Carballo Acuña Alberto	12026000073660	1320.2190000	1,000.00	----	07/08/26	09/21/26	10/08/26	1,000.00	---
Carballo Acuña Alberto	12026000073661	1320.2219900	1,000.00	200.18	07/08/26	09/30/26	10/08/26	799.82	---
Carballo Acuña Alberto	12026000073673	1320.2120000	1,000.00	----	07/08/26	09/21/26	10/08/26	1,000.00	---
Couce Senra Óscar	12026000044029	1532.2250100	800.00	351.55	04/27/26	07/24/26	07/27/26	448.45	---
Couce Senra Óscar	12026000044030	1532.2260100	1,000.00	----	04/27/26	07/24/26	07/27/26	1,000.00	---
Estrada Ibañez Sonia	12026000044031	9201.2260300	3,000.00	1,830.83	04/27/26	07/21/26	07/27/26	1,169.17	---
Fernández Fernández M.ª Paz	12026000029784	2310.4800000	300,000.00	230,443.46	04/06/26	08/27/26	07/06/26	69,556.54	---
García Álvarez Luis	12026000029786	2311.4800000	4,000.00	3,570.00	04/06/26	07/03/26	06/07/26	430.00	---
García Álvarez Luis	12026000071193	9200.2219902	500.00	24.74	06/22/26	10/02/26	09/22/26	475.26	---
García Álvarez Luis	12026000072642	2311.4800000	4,000.00	2,040.00	07/02/26	10/01/26	10/02/26	1,960.00	---
García Álvarez Luis	12026000073608	2410.2250001	93.92	93.92	07/07/26	07/14/26	10/07/26	----	---
García Álvarez Luis	12026000078260	1720.2269900	11,200.00	11,200.00	08/05/26	08/10/26	11/05/26	----	---
Vega Andión Óscar Miguel	12026000038189	9340.1620000	950.00	950.00	04/14/26	07/14/26	14/07/26	----	---
TOTAL			339,243.92	255,584.96				83,846.08	187.12

ACORDO
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 23/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02

8(925).- NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA CON CARGO A PRAZAS DE POLICÍA LOCAL: OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2024. EXPTE. 49863/220.

Visto o informe de fiscalización de data 19/10/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 15/10/2026, asinado pola técnico de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- En data 30 de maio de 2022 asínase convenio entre o Concello de Vigo e a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo da Xunta de Galicia para asunción polo Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de policía local, e ás praza de auxiliares de policía local ou vixiantes municipais, polo que as ditas prazas pasarán a tramitarse na súa totalidade pola Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP).

II.- Con data 13/12/2024, a Xunta de Goberno Local, adoptou o acordo de aprobación da Oferta de Emprego Público 2024 -exped. 43395-22- (publicacións oficiais no BOPPO núm. 246 de data 19/12/2024, e DOG núm. 34 de 19/02/2025).

III.- Con data 02 de xullo de 2025 publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG núm. 125) a orde da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deporte do 26 de xuño, pola que se convocaba o proceso selectivo de acceso por oposición libre nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía.

IV.- Con data de 04/12/2025, a Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), remitiu ao Concello de Vigo "Comunicación adxudicación prazas do proceso selectivo por oposición libre para o acceso nos corpos de policía local, escala básica, categoría policía." Na referida comunicación, consta que:

Primeiro: "*Con data 30 de novembro de 2025 o Tribunal designado para cualificar o proceso selectivo antes citado, de acordo co establecido na base 9.1 da dita convocatoria, remitiu á Academia Galega de Seguridade Pública (en adiante, Agasp) a relación de persoas aprobadas no proceso de acceso por oposición libre na categoría de policía e unha listaxe de reserva na que figuran aquelas persoas que, aínda que superaron as probas do proceso selectivo, non resultaron aprobadas por obteren unha puntuación inferior á da última persoa que obtivo praza.*

De acordo co establecido na base novena (9ª) da convocatoria, con data 01.12.2025 o director Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública convocou ás persoas aspirantes do proceso de acceso por oposición libre libre que figuran no anexo da dita resolución ao acto de elección de praza. O dito acto tivo lugar o 3 de decembro de 2025 ás 10.00 horas no salón de actos da Agasp.

Como resultado deste acto, a proposta das persoas designadas para ocupar as prazas vacantes do proceso de acceso por oposición libre no seu concello é a seguinte:

Documento asinado

DNI	NOME E APELIDOS
4574*	B. SANTOS FERNÁNDEZ
4821*	S. FERNÁNDEZ SANTAMARÍA
0130*	G. BOUZÓN EXTREMADOURO
1795*	S. CASAS ÁLVAREZ
1286	A. M.ª SOTO PRADO
5813*	D.E. LAGO ALVARADO
3080*	N. CASTRO LÓPEZ
3091*	F. LÓPEZ MÉNDEZ

Segundo: Que segundo os datos dos que dispón a Agasp persoas designadas para ese concello compren os requisitos para o seu nomeamento como persoal funcionario de carreira na categoría de policía, escala básica do Corpo de Policía Local dese concello, segundo a normativa aplicable co convenio asinado no seu día.
"(...)".

Segundo establece o punto 9.3 da dita convocatoria, poden ser nomeados persoal funcionario en prácticas na categoría de policía no corpo da Policía Local dese concello, mediante resolución da Alcaldía, que se publicará no Boletín Oficial da provincia que corresponda (...)".

V.- Por Acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 19.12.2025 se acorda:

"**PRIMEIRO.-** Nomear como persoal funcionario en prácticas do Concello de Vigo, na categoría de Policía, escala básica do Corpo da Policía Local (subgrupo C1), aos aspirantes contidos na comunicación remitida pola AGASP en data 04/12/2025, que superaron o proceso selectivo por oposición libre, con cargo a prazas da Oferta de emprego público 2024, para acceso a este Corpo, resultando os seguintes:

DNI	NOME E APELIDOS
4574*	B. SANTOS FERNÁNDEZ
4821*	S. FERNÁNDEZ SANTAMARÍA
0130*	G. BOUZÓN EXTREMADOURO
1795*	S. CASAS ÁLVAREZ
1286	A. M.ª SOTO PRADO
5813*	D.E. LAGO ALVARADO
3080*	N. CASTRO LÓPEZ
3091*	F. LÓPEZ MÉNDEZ

SEGUNDO.- Dispoñer que as persoas nomeadas deberán superar un curso selectivo de formación teórico-práctico na AGASP, como requisito indispensable para acceder á condición de persoal funcionario de carreira na categoría de policía, escala básica, de conforme ao establecido no apartado 9.4 das bases publicadas no Diario Oficial de Galicia

S.ord. 23/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02
Documento asinado

de data 02/07/2025 (DOG núm. 125, Orde da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deporte do 26 de xuño 2025).

TERCEIRO.- Proceder á publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e notificar o presente acordo ás persoas interesadas, á Xefatura da Policía Local, á Intervención Xeral Municipal, e ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación aos efectos oportunos."

VI.- Os interesados anteriormente nomeados toman posesión en data 29.12.2026 como funcionarios en prácticas.

VII.- Segundo o informe 09.10.2026 da AGASP

"*De acordo co indicado nos informes emitidos, e na normativa sinalada e aplicable ao presente caso, certifico que:*

Nº	*DNI*	*Nome e apelidos*
1	*****305***	*Bouzón Extremadouro, G.*
2	*****953***	*Casas Álvarez, S.*
3	*****809***	*Castro López, N.*
4	*****102***	*Fernández Santamaría, S.*
5	*****137***	*Lago Alvarado, D. E.*
6	*****911***	*López Méndez, F.*
7	*****747***	*Santos Fernández, B.*
8	*****868***	*Soto Prado, A. M.*

*superaron o curso selectivo para o acceso a categoría de policía, dos corpos da policía local de Galicia, convocado mediante a Resolución do 31 de outubro de 2025 e, polo tanto, o concello de Vigo pode proceder ao seu nomeamento como persoal funcionario de carreira do Corpo da Policía Local dese concello.***"**

FUNDAMENTOS XURÍDICOS
I.- Normativa de aplicación
A) -Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.
A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
  "*1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."*
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02
Documento asinado

funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que*"el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"*FD CUARTO.- (….) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (…....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autónomica sobre función pública."* A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (…....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución."

B*)* No ámbito da **Policía local** a Constitución española recolle no título VIII, artigo 148.1º.22, como unha das competencias que poderán asumir as comunidades autónomas, a coordinación e demais facultades relacionadas cas policías locais, nos términos que estableza unha lei orgánica. Neste marco, a Lei orgánica 2/1986, de 13 de marzo, regula no seu artigo 39 as competencias das comunidades autónomas.

De conformidade coas mencionadas disposicións, e no ámbito das competencias asumidas pola Comunidad Autónoma de Galicia, promulgouse a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locais de Galicia. Así mesmo é de aplicación o Decreto 15/2023, de 12 de xaneiro que desenvolve dita Lei de coordinación.

Neste senso, o artigo 36 da citada Lei de coordinación, referido ao persoal nomeado en prácticas, establece que:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/10/2026	Páxina 35 de 84
2187-1102 Aprobado por XGL 30/10/2026	CSV: AABD29-C28B38-ED8687-XXZGEA-	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“1. Durante el curso de formación y el periodo de prácticas, los aspirantes que no procedan de otros cuerpos de seguridad de la Comunidad Autónoma tendrán la consideración de funcionarios en prácticas. Durante este periodo los aspirantes percibirán las retribuciones que les correspondan de acuerdo con la legislación vigente. El nombramiento como funcionario de carrera se efectuará únicamente tras la superación del curso y el período de prácticas, de acuerdo con lo que se establezca en la correspondiente convocatoria.
2. Con independencia de la prueba de reconocimiento médico que pueda establecer dicha convocatoria, en cualquier momento anterior a ser nombrados funcionarios de carrera los aspirantes podrán ser sometidos a las pruebas médicas que sean precisas para comprobar su idoneidad, de acuerdo con el cuadro de exclusiones médicas que se determinará reglamentariamente. Si de las pruebas practicadas se deduce la existencia de alguna de ellas, el órgano responsable podrá proponer la exclusión de la persona aspirante del proceso selectivo. En dicho caso, corresponde al órgano competente para efectuar el nombramiento adoptar la resolución que proceda, sin que en ningún caso se tenga derecho a indemnización.

3. No obstante lo dispuesto en el apartado anterior, si la causa de exclusión a que se hace referencia en el apartado anterior sobrevino como consecuencia de lesiones sufridas en el ejercicio de sus cometidos como funcionario en prácticas, el órgano responsable propondrá su nombramiento como funcionario de carrera al órgano competente. En tal caso, debe asignarse a dicho funcionario un puesto de trabajo adecuado a sus capacidades.”

A base 9.3 da Orde de data 31 de maio de 2024 publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG núm. 114) pola que se convocaba o proceso selectivo de acceso por oposición libre nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía dispón que:

“Unha vez acreditada a posesión dos requisitos exixidos, e inmediatamente antes do comezo do curso selectivo de formación, as persoas aspirantes serán nomeadas persoal funcionario en prácticas mediante resolución da correspondente alcaldía, que se publicará no Boletín Oficial da provincia (BOP).
As persoas así nomeadas permanecerán na dita situación dende o comezo do curso selectivo ata que se produza o seu nomeamento como persoa funcionaria de carreira ou a súa exclusión do proceso.
O curso selectivo de formación será convocado a través de resolución da Dirección Xeral da Agasp en que se indicará a data de inicio ...”
O apartado 9.4. relativo ao curso selectivo de formación: “*As persoas aspirantes aprobadas deberán superar un curso selectivo de formación teórico-práctico na Agasp como requisito indispensable para acceder á condición de persoal funcionario de carreira na categoría de policía, escala básica, de conformidade co disposto no artigo 36 da Lei 4/2007, do 20 de abril e nos artígos 51 a 55 del Decreto 15/2023, de 12 de xaneiro.*
O curso terá unha duración de 1.400 horas lectivas, 900 horas de formación teórico-práctica na Agasp en réxime de internado e 500 horas de prácticas nos respectivos concellos de procedencia.
Só estarán dispensadas de realizar o devandito curso aquelas persoas que xa o superasen con anterioridade na Agasp. En tal caso, serán nomeadas directamente persoal funcionario de carreira na categoría de policía.
No caso da non incorporación ao curso ou de abandono deste sen rematalo, salvo por causas excepcionais, considerarase que a persoa aspirante non superou o proceso.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02
Documento asinado

O alumnado que non supere o curso teórico-práctico na Agasp, incluídas as probas de carácter extraordinario, perderá todos os dereitos alcanzados no proceso....”

II.- Ingreso na categoría de policía

Tal e como se recolle no artigo 35 da Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locais: “*Una vez superadas las pruebas selectivas, el curso de formación y el período de prácticas, los aspirantes serán nombrados funcionarios de carrera de la escala y categoría correspondiente*.”

De esta forma, os aspirantes que superaron as probas selectivas, o curso de formación e o periodo de prácticas, serán nomeados como funcionarios de carreira.

III.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
b) La intervención formal de la ordenación del pago.
c) La intervención material del pago.
d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

IV.- Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

En base ao exposto, elévase ao órgano municipal competente a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

S.ord. 23/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02
Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02

Documento asinado

PRIMEIRO.- Nomear como persoal funcionario de carreira, con cargo ás prazas vacantes ofertadas na Oferta de Emprego Público 2024 de Policía, escala básica, enmarcadas no Grupo C de titulación; Subgrupo C1; Escala de Admón. Especial, as/aos aspirantes que superaron o proceso selectivo, o curso de formación e o período de prácticas:

DNI	NOME E APELIDOS
4574*	B. SANTOS FERNÁNDEZ
4821*	S. FERNÁNDEZ SANTAMARÍA
0130*	G. BOUZÓN EXTREMADOURO
1795*	S. CASAS ÁLVAREZ
1286	A. M.ª SOTO PRADO
5813*	D.E. LAGO ALVARADO
3080*	N. CASTRO LÓPEZ
3091*	F. LÓPEZ MÉNDEZ

SEGUNDO.- Dispoñer que as persoas nomeadas deberán tomar posesión como funcionarios/as de carreira na devandita praza no prazo de 1 mes contado a partir da publicación do nomeamento no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co previsto nas bases xerais reitoras da convocatoria.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ás persoas interesadas, á Intervención Xeral Municipal, e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(926).- PROPOSTA PARA DECLARAR DESERTO O PROCESO SELECTIVO DUNHA PRAZA DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA CATEGORÍA DE DE ENXEÑEIRO/A MONTES: OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2020-2021-2022. EXPTE. 49860/220.

Visto o informe de fiscalización de data 19/10/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 15/10/2026, asinado pola técnico de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02

Documento asinado

CONCELLO DE VIGO

Expte. 2187/1102

ANTECEDENTES:

I.- As "Bases específicas e convocatoria OEP 2020-2021-2022" publicáronse no BOP de Pontevedra nº 21 de 31 de xaneiro de 2025.

II.- As bases específicas das ofertas de emprego público 2020, 2021, 2022 (3ª fase da convocatoria (BOP de Pontevedra nº 21 de 31 de xaneiro de 2025) incluían unha (1) praza de persoal funcionario de carreira denominada "Enxeñeiro/a de Montes" derivada da oferta de emprego público do Concello de Vigo 2020-2021-2022 (3a fase), pola quenda libre.

III.- Consta no expediente acta da sesión número 5 celebrado o 21.09.2026 polo órgano de selección designado para o proceso selectivo referido, segundo a cal se dice o seguinte:

"Declarar que ningún aspirante superou o proceso selectivo para provisión dunha (1) praza vacante no
cadro de persoal do Concello de Vigo de Enxeñeiro de Montes, en réxime de funcionario de carreira, enmarcada no grupo A, subgrupo A1; escala, Administración especial; subescala técnica; clase, superior, sistema de selección o de oposición libre, pertencente á O.E.P. 2020-2021-2022; bases específicas publicadas no BOPPO 31/01/2025.

Propoñer á vista dos antecedentes expostos, declarar deserta a praza (1) de Enxeñeiro de Montes, réxime de funcionario de carreira, enmarcada no grupo A, subgrupo A1; escala, Administración especial; subescala técnica; clase, superior, correspondente á Oferta de Emprego Público 2020-2021-2022, convocada mediante acordo de 31/01/2025, ao non existir ningunha persoa que poida ser proposta para a súa cobertura de acordo coas bases reguladoras do proceso."

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Normativa de aplicación.- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións do artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."

O artigo 11 do citado TREBEP establece que: "*1. Es personal laboral el que en virtud de contrato de trabajo formalizado por escrito, en cualquiera de las modalidades de contratación de personal previstas en la legislación laboral, presta servicios retribuidos por las Administraciones Públicas. En función de la duración del contrato éste podrá ser fijo, por tiempo indefinido o temporal.*

S.ord. 23/10/2026

2. Las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto establecerán los criterios para la determinación de los puestos de trabajo que pueden ser desempeñados por personal laboral, respetando en todo caso lo establecido en el artículo 9.2.

3. Los procedimientos de selección del personal laboral serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito y capacidad. En el caso del personal laboral temporal se regirá igualmente por el principio de celeridad, teniendo por finalidad atender razones expresamente justificadas de necesidad y urgencia."

Segundo as Bases Xerais e específicas OEP dos anos 2020, 2021 e 2022: 1ª fase da convocatoria, publicadas no BOPPO número 107, de data 03.06.2024, logo do remate do proceso selectivo, o órgano de selección deberá propoñer o nomeamento de igual número de aspirantes que o de prazas convocadas (8.4.6.)

Na base décimo sexta das Bases Xerais e específicas OEP dos anos 2020, 2021 e 2022: 1ª fase da convocatoria, publicadas no BOPPO número 107, de data 03.06.2024, finalizado o proceso selectivo as persoas que superen serán nomeadas funcionarias de carreira.

Neste caso, segundo o acta número 5 do tribunal designado para cualificar o proceso selectivo ningún aspirante superou e ningún aspirante pode proposto para ser nomeado.

II - Órgano municipal competente:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e como órgano convocante do proceso selectivo, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Resolucións da Excma. Alcaldía de e acordo da Xunta de Goberno Local de data 7/11/2025.

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- Declarar deserto o proceso selectivo, pola quenda libre, dunha (1) praza de persoal funcionario de carreira denominada "Enxeñeiro/a de Montes" derivada da oferta de emprego público do Concello de Vigo 2020-2021-2022 (3a fase), pola quenda libre.

SEGUNDO.- Publicar o presente acordo no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Vigo.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo á Intervención Xeral Municipal, e a o Comité de Empresa, aos efectos oportunos.

CUARTO.- Informar que contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02

Documento asinado

do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente

ACORDO
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(927).- LISTA PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS NO PROCESO DE PROVISIÓN DEFINITIVA DO POSTO DE TRABALLO "XEFE/A DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA". EXPTE. 48762/220.
Sométese a aprobación o informe-proposta de data 19/10/2026, aprobado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

En data 26 de xuño do 2026 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación ás bases reguladoras da provisión definitiva do posto de traballo de Xefe/a do Servizo de Normalización Lingüística (A1) mediante o sistema de concurso específico. No mesmo acto aprobouse a convocatoria do procedemento para a provisión do posto .

As bases e convocatoria constan publicadas no BOPPO núm. 125, do venres 3 de xullo do 2026.

O extracto da convocatoria consta publicada no DOG núm. 139, do luns 27 de xullo do 2026.

No Boletín Oficial del Estado núm. 189, do martes 4 de agosto do 2026, consta publicado anuncio da convocatoria polo cal procedeuse a apertura do prazo de presentación de instancias.

Consta a interposición de recurso de reposición contra o acordo aprobatorio das bases e da convocatoria, desestimado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/08/2026 (trámite 70 do expediente) tendo sido publicado o acordo destimatorio indicado no BOPPO núm. 156, do luns 17 de agosto do 2026, e exposto ao público no taboleiro de edictos do 18 de agosto ao 1 de setembro do 2026.

Rematado o prazo de presentación de instancias, e exposto ao público segundo a certificación de exposición pública do anuncio incorporadas ao expediente presentaronse os/as aspirantes que constan documentados nos trámites 56 a 59 (ambos inclusive) do expediente, sendo os seguintes:

1.- ACEA MÉNDEZ, M.A., con DNI ***29***
2.- NÚÑEZ ABOY, M., con DNI ***383***

Os documentos que, de conformidade tanto co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas como nas propias bases rectoras do procedemento de provisión definitiva aprobadas estímase que deben constar inexcusablemente asinados polas persoas aspirantes son os seguintes:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/10/2026	Páxina 41 de 84
2187-1102 Aprobado por XGL 30/10/2026	CSV: AABD29-C28B38-ED8687-XXZGEA-	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02

Documento asinado

-Solicitude de participación no procedemento de provisión.

-Declaración responsable de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo obxecto da convocatoria.

-Memoria requerida no apartado Cuarto das bases.

De conformidade coa cláusula terceira das bases da convocatoria procede aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos, polo que trala revisión das solicitudes e documentación presentadas efectuada e documentada no correspondente informe de verificación sinalado, formúlase a seguinte a **PROPOSTA DE ACORDO:**

PRIMEIRO.- Prestar aprobación á lista provisional de admitidos e excluídos no procedemento de provisión do posto de Xefe/a do Servizo de Normalización Lingüística,

que seguidamente se recolle:

ADMITIDOS/AS

ASPIRANTE	**DNI**
-ACEA MÉNDEZ, M.A.,	DNI ***29***

EXCLUIDOS/AS

ASPIRANTE	**DNI**
-NÚÑEZ ABOY, M.	DNI ***383***

Motivos de exclusión: **non reunir o requisito de pertenza ao subgrupo de titulación requirido nas bases (A1)**

SEGUNDO.- Requirir aos aspirantes excluidos para que no prazo de dez días hábiles contados a partir do día seguinte da publicación da lista de admitidos e excluídos no taboleiro de edictos e páxina web emenden a documentación, indicándolle que poderán acceder ao modelo de instancia e autobaremo no seguinte enlace:
https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga&tramitecc1=formularios&tramitecc2=sol_opo_subs_prov_postos

TERCEIRO.- Publicar o presente acordo no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello."

ACORDO
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(928).- RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA AS BASES REGULADORAS PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE XEFE/A DO SERVIZO DE EDUCACIÓN. EXPTE. 2155/1102.
Sométese a aprobación o informe-proposta de data 16/10/2026, asinado pola secretaria de Goberno local e conformdo pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- En data 18.09.2026 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación as bases reguladoras para a provisión do posto de xefe/a do servizo de Educación baixo a instrución da Secretaria de Goberno Local, mediante o sistema de concurso específico. No mesmo acto acordou convocar o procedemento para a provisión do posto referenciado no apartado anterior.

Segundo.- En data 25.09.2026 publicaronse as bases da convocatoria no BOP de Pontevedra núm. 185.

Terceiro.- En data 28.09.2026 Marta Nuñez Aboy presente escrito a modo de recurso de reposición.

NORMATIVA APLICABLE
A normativa aplicable en materia de provisión do postos de traballos nas entidades locais ven determinada polo TREBEP ao ser de preferente aplicación a lexislación básica estatal á lexislación autonómica sobre función pública que opera como dereito supletorio de primeiro grao (Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 25 de abril de 2018). Concretamente o artigo 168 do TRRL dispón que a provisión de postos de traballo que, de conformidade coa relación aprobada, estean reservados ou poidan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexerase polas normas que, no desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dite a Administración do Estado. E o artigo 101 da LRBRL remite en materia de provisión as normas que regulen estes procedementos en todas as Administracións públicas, entendendo como tales as básicas do estatuto básico del empregado público.

E por isto que o réxime xurídico en materia de provisión de postos de traballo ven determinado pola seguinte normativa

a) Preceptos básicos das lexislacións e regulamentos estatais sobre función pública e réxime local. Fundamentalmente o estatuto básico do empregado público aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro (TREBEP), Lei 7/1985,

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/10/2026	Páxina 43 de 84
2187-1102 Aprobado por XGL 30/10/2026	CSV: AABD29-C28B38-ED8687-XXZGEA-	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

reguladora de bases de réxime local e Texto Refundido de Réxime Local (LRBRL) (este último na disposición final 7ª sinala os preceptos básicos).

b) Normativa autonómica sobre réxime local (Lei 5/1997, de administración local de Galicia) e normativa autonómica de función pública local (Lei 2/2015, de emprego público de Galicia -LEGAL-). e o Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional promoción interna, en aquilo que resulte aplicable, vixente en virtude do apartado 2 da disposición derrogatoria primeira da Lei 2/2015) e Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración Xeral da Comunidad Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico.

c) Preceptos non básicos das lexislacións e regulamentos estatais. Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado (RGI, de aplicación supletoria no eido local) e Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado

d) Regulamentos e ordenanzas locais.

e) Acordos e pactos reguladores das condicións de traballo dos funcionarios (Acordo regulador de condicións económicas e sociais funcionarios do Concello de Vigo e Convenio colectivos dos empregados integrados no cadro de persoal do Concello de Vigo aprobado polo pleno en sesión de data 28.12.1998)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- Admisión do recurso.

A recorrente interpón un escrito a modo de recurso contra as bases da convocatoria da provisión do posto de xefe/a do servizo de Educación.

O artigo 107.1 da LPAC establece que contra as resolucións e os actos de trámite, se estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición, que caberá fundar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 62 e 63 da devandita Lei, e cumprindo as formalidades establecidas no artigo 110.1 da mesma LPAC.

Á súa vez, o artigo 116.1 da LRJPAC prevé que os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditase ou ser impugnados directamente ante a orde xurisdicional contenciosa-administrativo, e no artigo 117 especifícase que o prazo para interpoñer o recurso.

A recorrente ostentan a condición de interesada en tanto que ostenta a condición de empregada pública do Concello de Vigo e posible aspirante no proceso de provisión. O recurso interpúxose dentro do prazo establecido no artigo 107.1 da LPAC contra resolución

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02
Documento asinado

que pon fin fin a vía administrativa (artigo 52 da LRBRL en relación co artigo 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro) e cumpre os requisitos sinalados no artigo 107.1

E por isto polo que procede admitir o recurso.

SEGUNDO.- Do recurso interposto

A recorrente, no seu escrito, solicito que se anule ou modifique a convocatoria da provisión do posto de xefe/a de Educación e se aprobe unha nova cuxos requisitos establezan a obrigatoriedade de que as persoas candidatas pertenzan aos grupos A1/A2.

O artigo 78 do TREBEP dispón que *"os corpos e escalas clasifícanse, de acordo coa titulación esixida para o acceso aos mesmos, nos seguintes grupos:*
Grupo A: Dividido en dous Subgrupos, A1 e A2.
Para o acceso aos corpos ou escalas deste Grupo esixirase estar en posesión do título universitario de Grao.
Naqueles supostos nos que a lei esixa outro título universitario será este o que se teña en conta.
A clasificación dos corpos e escalas en cada Subgrupo estará en función do nivel de responsabilidade das funcións para desempeñar e das características das probas de acceso."
A clasificación dos postos de traballo se realiza a través das relacións de postos de traballo. Asi, o artigo 38 da LEPG determina que a través da respectiva relación de postos de traballo, as administracións públicas incluídas estruturan a súa organización, clasifican os postos de traballo existentes no seu ámbito e determinan o seu contido para a selección e provisión dos mesmos, procurando organizar, racionalizar e ordenar o persoal en orde a facilitar unha eficaz prestación dos servizos públicos. As relacións de postos de traballo incluirán, como mínimo, por cada posto:
a) O código alfanumérico, denominación e natureza xurídica.
b) A clasificación profesional.
c) O sistema de provisión.
d) A adscrición orgánica.
e) O complemento retributivo do posto.
f) Os requisitos e, nos casos en que proceda, as áreas funcionais, méritos, capacidades, experiencia ou categoría profesional para a súa provisión.
g) Calquera outras circunstancias relevantes para a súa provisión nos termos previstos regulamentariamente.
Neste senso, a vixente RPT do Concello de Vigo publicada no BOP de Pontevedra núm. 237, do 11.12.2025 contempla dentro do servizo de Educación o posto de xefe/a do Servizo de Educación coas seguintes características:

- Referencia do posto (Ref Posto) na RPT: 3420101
- Escala: Aministración xeral/Administración Especial
- Subescala: Subescala Técnica/Técnica Superior
- Grupo: A1
- Complemento de destino: 28
- Complemento específico anual: 35.227,64 €
- Sistema de provisión: concurso especifico

S.ord. 23/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02
Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02

Documento asinado

O artigo 101 da LRBRL determina que os postos de traballo vacantes que deban ser cubertos polos funcionarios proveeranse en convocatoria pública polos procedementos de concurso de méritos o de libre designación, de acuerdo con las normas que regulen estos procedementos en todas las Administracións públicas.

O artigo 78 do TREBEP determina que a provisión de postos de traballo en cada Administración Pública levará a cabo polos procedementos de concurso e de libre designación con convocatoria pública.

A LEPG distingue entre o concurso ordinario como procedemento xeral de provisión dos postos de traballo que non teñan establecida outra forma de provisión na relación de postos de traballo (artigo 90.1) e o concurso específico como sistema de provisión para aqueles postos de traballo para os que, polas súas peculiaridades, así se determine na relación de postos de traballo (artigo 91) sinalando que as xefaturas de servizo ou os postos de nivel equivalente proveranse por este sistema, agás aqueles que, polas súas especiais características, deban proverse polo sistema de libre designación, con convocatoria pública.

As bases que regulan a provisión dos posto de traballo da xefatura do servizo de educación recollen os requisitos que os/as aspirantes deben reunir para participar no concurso entre os que se atopan a clasificación do posto de traballo que conforme o establecido na vixente RPT, corresponde ao subgrupo A1.

A modificación da clasificación do posto de traballo obxecto da convocatoria requiere da previa modificación da relación de postos de traballo. As bases da convocatoria se axustan a relación de postos de traballo polo que procede desestimar o recurso de reposición.

Polo exposto, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte, **ACORDO:**

PRIMEIRA.- Desestimar o recurso interposto contra as bases reguladoras para a provisión do posto de xefe/a do servizo de Educación.

SEGUNDA.- Notificar aos interesdos indicándolles que contra o acordo de desestimación do recursos, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante a sección do contencioso- administrativo do Tribunal de instancia de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción desta notificación, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(929).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á "AGRUPACIÓN FOTOGRÁFICA GALEGA" PARA O DESENVOLVEMENTO DA XXX EDICIÓN DO MARATÓN FOTOGRÁFICO 2026. EXPTE. 6816/330.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02

Documento asinado

CONCELLO DE VIGO

Expte. 2187/1102

Visto o informe-xurídico do 16/09/2026 e o informe de fiscalización do 14/10/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 11/09/2026, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal o 9 de setembro do 2026, "A Agrupación Fotográfica Galega" presenta escrito de solicitude de subvención para o desenvolvemento da XXX Edición do Maratón Fotográfico no exercicio 2026; por este motivo, por parte desta xefatura iniciase o expediente de subvención correspondente, polo importe de 12.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.18 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A **AGRUPACIÓN FOTOGRÁFICA GALLEGA** é unha asociación sen ánimo de lucro cuxos obxectivos son a difusión e promoción da fotografía, onde teñen cabida fotógrafos de todo tipo de tendencias e procedencias. Fundada en 1946 é a primeira entidade deste tipo que xurdiu en Galicia e caracterizouse por ser aberta a todas as persoas afeccionadas á fotografía. Dende o ano 1991 organizan ininterrumpidamente o Maratón Fotográfico, un evento totalmente arraigado na cidade.

PROGRAMA E ORZAMENTO:

A XXX EDICIÓN DO MARATÓN FOTOGRÁFICO 2026 terá lugar entre os días 1 e 4 de outubro do 2026, segundo á programación detallada na memoria que se achega ao expediente .

A memoria económica, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 18.160 € (dezoito mil cento sesenta euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 12.000 €
- Gadis: 500 €
- Deputación de Pontevedra: 2.905 €
- Cotas dos participantes: 1350 €
- Achega da entidade: 5 €
-

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Memoria e orzamento da actividade
- CIF da empresa
- Escrituras da empresa
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria

S.ord. 23/10/2026

- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Recibo do pagamento do Seguro de Responsabilidade Civil correspondente

LEXISLACIÓN APLICABLE.-
A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo a "Agrupación Fotográfica Galega" para o desenvolvemento da XXX Edición do Maratón Fotográfico 2026, rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

A subvención proposta atópase incluída no Plan Estratéxico de Subvencións (PES) para o período 2024-2026, aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024 (rectificación de erros do 15.03.2024). No dito PES se recolle un importe de 8.000 €; Neste exercicio 2026 está previsto nominativamente no orzamento municipal, aprobado definitivamente por acordo plenario de 23 de decembro de 2025, na aplicación *3340.480.00.18*, un importe, segundo a proposta, de 12.000 €.

O propio documento aprobado do PES estipula no capítulo VII-Ámbito Temporal o seguinte: "*Non será necesaria a modificación do PES nos supostos de modificación de liñas de subvención existentes cando a modificación consista na variación do importe asignado a unha subvención da liña, sempre que o resto dos compoñentes da mesma permanezan sen cambios, feito este que deberá quedar acreditado no expediente, por parte do centro xestor correspondente".*

Dende esta xefatura acredítase que o incremento do importe da subvención nominativa prevista para Agrupación Fotográfica Galega para o financiamento da XXX Edición do Maratón Fotográfico 2026, pasando dos 8.000 €, previstos inicialmente no PES, aos 12.000 €, incluídos no orzamento municipal vixente para o exercicio 2026, trátase dunha mera variación do importe económico, sen que varíen o resto dos compoñentes da liña de subvención. O programa subvencionado segue sendo o mesmo: o financiamento da XXX Edición do Maratón Fotográfico de Vigo 2026

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa a " Agrupación Fotográfica Galega" deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2026 como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02
Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02

Documento asinado

CONCELLO DE VIGO

Expte. 2187/1102

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo a "Agrupación Fotográfica Galega" ten como obxecto financiar o desenvolvemento da "XXX Edición do Maratón Fotográfico 2026", figurando na aplicación **3340.480.00.18** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 12.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo a ASOCIACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA DE GALICIA é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura, a concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 12.000 € (doce mil euros) a "Agrupación Fotográfica Galega" *CIF. G36733616, para o financiamento da organización do XXX Edición do Maratón Fotográfico 2026, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.18 "SUBVENCIÓN MARATÓN FOTOGRÁFICO", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

SEGUNDO.- As condicións que rexirán a subvención serán as seguintes:

OBRIGAS DA ENTIDADE

1. E de responsabilidade da Entidade :
   1.A organización das actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE,
   2.A organización integral do programa, a súa ampla difusión e a dispoñibilidade dos espazos, e solicitude, de ser o caso, dos permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

S.ord. 23/10/2026

3.Cumprimento do programa obxecto da subvención e o abono dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

2. Actuará como interlocutor único ante a CONCELLERÍA Don Alfonso Durán Castillo , presidente da entidade
3. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
4. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada
5. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

   Fíxase unha porcentaxe flexible máxima do 5% na execución da actividade sen que supoña alteración no obxecto do presente convenio e na concesión da subvención.

   A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

6. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

7. Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas ou ás doutros órganos da Administración estatal ou da Unión Europea, aos cales se facilitará canta información lles sexa requirida para este efecto, todo isto de conformidade co disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e demais normativa regulamentaria de desenvolvemento, así como conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control. Colaborar co persoal que, no seu caso, desenvolva a/as auditoría/s xestionadas polo Concello de Vigo, prestando a debida colaboración, atendendo aos seus requirimentos e achegando, de selo caso, a documentación complementaria solicitada".

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02

Documento asinado

8. As entidades con personalidade xurídica que non teñan a obriga de levar a contabilidade deberán dispor dun control de ingresos e gastos que sexan imputados á actividade subvencionable.

9. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas ditas normativas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

10. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa e a ditos efectos de contratar e dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se producira en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A ENTIDADE o recibo do pago do seguro de responsabilidade civil.

OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA
A tramitación da subvención e xestión do pagamento do importe da subvención (12.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA
O centro xestor da subvención á ENTIDADE é o Servizo de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará calquera incidencia do proxecto subvencionado.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN
O CONCELLO xestionará o pagamento á EMPRESA polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade además deberá achegar un balance que abrangue a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02
Documento asinado

subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentacion xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitude de pagamento da subvención, tendo como límite o 10 de novembro do 2026.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
    1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
    2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
    3. Memoria de prensa.
    4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
    5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a EMPRESA como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02
Documento asinado

- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

- A conta xustificativa dos gastos presentarase segundo o modelo dispoñible na sede electrónica do Concello de Vigo: *https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/aviso.jsp?id=4443&lang=ga*, coa relación clasificada de gastos e con todos os datos solicitados cubertos (número de factura, provedor, concepto, importe, data de emisión...). Non se aceptarán contas xustificativas que non se presenten no citado modelo.

- Os pagos en efectivo limítanse até un importe máximo de 1.000 € ou ben **ata o límite que permita a lexislación vixente en cada momento,** pero sempre que se achegue o xustificante de cobro asinado polo provedor, non aceptándose sen a sinatura do provedor.

- No seu caso, aportarase memoria explicativa sobre as posibles desviacións respecto ao orzamento inicial da actividade, segundo o artigo 72.2.a) do RD 887/2006.

- Naqueles gastos onde a cobertura exceda do marco temporal subvencionable, deberase aplicar o principio de devindicación, realizando os axustes proporcionais que corresponda.

Gastos subvencionables:
Considerarase como gasto subvencionable os realizados no ano 2026 que se xustifiquen coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación e que teñan como data límite dous meses dende a última actividade subvencionada.

Estos gastos deberán xustificarse coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizarase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/10/2026	Páxina 53 de 84
2187-1102 Aprobado por XGL 30/10/2026	CSV: AABD29-C28B38-ED8687-XXZGEA-	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:
A subvención do Concello á EMPRESA é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola EMPRESA para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN
A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Servizo de Cultura. Os técnicos do Servizo de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE
A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarallo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

REINTEGRO

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02
Documento asinado

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Fíxase unha porcentaxe flexible máxima do 5% na execución da actividade sen que supoña alteración no obxecto do presente convenio e na concesión da subvención.

INFRACCIÓNS E SANCIÓNS
En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL
A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE
A concesión da subvención rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

S.ord. 23/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02
Documento asinado

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

ACORDO
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(930).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO PINTOR COLMEIRO PARA O FINANCIAMENTO DA ACTIVIDADE DE PUBLICACIÓN DOS " CADERNOS DE COLMEIRO". EXPTE. 6836/330.
Visto o informe-xurídico do 16/09/2026 e o informe de fiscalización do 14/10/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 11/09/2026, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal o 28 de setembro do 2026, a "Asociación de Amigos do Pintor Colmeiro" presenta escrito de solicitude de subvención para o financiamento do proxecto de publicación dos "Cadernos de Colmeiro" con cargo ao orzamento 2026 ; por este motivo, por parte desta xefatura iniciase a tramitación do expediente de subvención polo importe de 10.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.09 do orzamento municipal vixente

ANTECEDENTES.-
A **ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO PINTOR COLMEIRO** é unha asociación sen ánimo de lucro constituida no ano 2018 para fomentar o acceso ao público da obra do pintor, fomentar o estudio e investigación da súa obra, impulsar o coñecemento, difusión e investigación da mesma e elaborar un catálogo razoado.

Neste sentido o proxecto obxecto de subvención 2026 a publicación dos "Cadernos de Colmeiro" Neste sentido o proxecto obxecto de subvención a publicación dos cadernos de Colmeiro, pretende unha lectura do impacto do traballo preparatorio e do arquivo na obra do pintor Manuel Colmeiro e amosa os puntos de conexión coa súa evolución estética.

Trátase dunha publicación que recolle material inédito conservado nos distintos cartafoles.

PROGRAMA E ORZAMENTO:
PUBLICACIÓN DOS CADERNOS DE COLMEIRO

TEXTOS: un texto crítico: Carlos L. Bernárdez.

IDIOMAS
Galego (opcional castelán)

REPRODUCIÓNS
A totalidade dos debuxos dos cadernos.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02
Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02

Documento asinado

CONCELLO DE VIGO
Expte. 2187/1102

TIRAXE
Edición 200 exemplares

A memoria económica que se achega, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 10.000 € (dez mil euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 10.000 €

DOCUMENTACIÓN.-
Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitude e autorización á consulta dos datos tributarios
- Memoria e orzamento da actividade
- Estatutos da entidade e capacidade do representante legal
- Certificación da conta bancaria asinado dixitalmente pola entidade
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Recibo de pagamento do seguro de responsabilidade civil.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-
A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á "Asociación de Amigos do Pintor Colmeiro", para o desenvolvemento do proxecto de publicación ***" Os Cadernos de Colmeiro"***, rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.03.2024, rectificación de erros do 15.03.2024 e publicouse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á "Asociación de Amigos do Pintor Colmeiro", para o desenvolvemento do proxecto de publicación "Os Cadernos de Colmeiro" axústase ás directrices, obxectivos estratéxicos e plans de acción sinalados no anexo do Plan estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo para a Área de Cultura, no que se refire ás subvencións nominativas para o financiamento de actividades socioculturais

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

S.ord. 23/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02

A concesión da subvención directa á "Asociación de Amigos do Pintor Colmeiro", para o desenvolvemento da actividade deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2026, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-
O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde as materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-
A subvención do Concello de Vigo á "Asociación de Amigos do Pintor Colmeiro", para o desenvolvemento do proxecto de publicación dos "Cadernos de Colmeiro" figura na aplicación 3340.480.00.09. do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 10.000 €, a favor da entidade.

A subvención do Concello de Vigo a "Asociación de Amigos de Pintor Colmeiro" é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN
A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura, a concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 10.000 € (dez mil euros) á entidade "Asociación de Amigos do Pintor Colmeiro, *CIF.* G-27859834*, para o financiamento* do proxecto de publicación dos " **CADERNOS *DE COLMEIRO"*** , *organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.09 "ASOCIACIÓN PINTOR COLMEIRO. COMODATO ", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

Documento asinado

SEGUNDO.-Que **de forma excepcional**, polos prazos de tramitación desta subvención , se amplíe o prazo de xustificación de subvencións fixado nas bases de execución do orzamento xeral do exercicio 2026 de xeito que neste caso **a data límite de presentación da documentación xustificativa será o 4 de decembro do 2026.**
SEGUNDO.- As condicións que rexerán a subvención serán as seguintes:

OBRIGAS DA ENTIDADE

1. E de responsabilidade da Entidade :
   1.A organización das actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE,
   2.A organización integral do programa, a súa ampla difusión e a dispoñibilidade dos espazos, e solicitude, de ser o caso, dos permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
   3.Cumprimento do programa obxecto da subvención e o abono dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
2. Actuará como interlocutor único ante a CONCELLERÍA Dona Alba Corral Colmeiro, presidenta da entidade
3. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
4. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada
5. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

   Fíxase unha porcentaxe flexible máxima do 5% na execución da actividade sen que supoña alteración no obxecto do presente convenio e na concesión da subvención.

   A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

6. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

S.ord. 23/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02
Documento asinado

7. Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas ou ás doutros órganos da Administración estatal ou da Unión Europea, aos cales se facilitará canta información lles sexa requirida para este efecto, todo isto de conformidade co disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e demais normativa regulamentaria de desenvolvemento, así como conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control. Colaborar co persoal que, no seu caso, desenvolva a/as auditoría/s xestionadas polo Concello de Vigo, prestando a debida colaboración, atendendo aos seus requirimentos e achegando, de selo caso, a documentación complementaria solicitada".

8. As entidades con personalidade xurídica que non teñan a obriga de levar a contabilidade deberán dispor dun control de ingresos e gastos que sexan imputados á actividade subvencionable.

9. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas ditas normativas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

10. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa e a ditos efectos de contratar e dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se producira en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A ENTIDADE presenta recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil.

OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA
A tramitación da subvención e xestión do pagamento do importe da subvención (10.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA
O centro xestor da subvención á ENTIDADE é o Servizo de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará calquera incidencia do proxecto subvencionado.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN
O CONCELLO xestionará o pagamento á EMPRESA polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02
Documento asinado

aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade además deberá achegar un balance que abrangue a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentacion xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- **Solicitude de pagamento da subvención, tendo como límite o 4 de decembro do 2026**
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
    1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
    2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
    3. Memoria de prensa.
    4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
    5. Reportaxe fotográfica.

S.ord. 23/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02
Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02

Documento asinado

- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a EMPRESA como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

- A conta xustificativa dos gastos presentarase segundo o modelo dispoñible na sede electrónica do Concello de Vigo: *https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/aviso.jsp?id=4443&lang=ga*, coa relación clasificada de gastos e con todos os datos solicitados cubertos (número de factura, provedor, concepto, importe, data de emisión...). Non se aceptarán contas xustificativas que non se presenten no citado modelo.

- Os pagos en efectivo limítanse até un importe máximo de 1.000 € ou ben **ata o límite que permita a lexislación vixente en cada momento,** pero sempre que se achegue o xustificante de cobro asinado polo provedor, non aceptándose sen a sinatura do provedor.

- No seu caso, aportarase memoria explicativa sobre as posibles desviacións respecto ao orzamento inicial da actividade, segundo o artigo 72.2.a) do RD 887/2006.

- Naqueles gastos onde a cobertura exceda do marco temporal subvencionable, deberase aplicar o principio de devindicación, realizando os axustes proporcionais que corresponda.

Gastos subvencionables:

Considerarase como gasto subvencionable os realizados no ano 2026 que se xustifiquen coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación e que teñan como data límite dous meses dende a última actividade subvencionada.

Estos gastos deberán xustificarse coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizarase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:
A subvención do Concello á EMPRESA é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola EMPRESA para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN
A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Servizo de Cultura. Os técnicos do Servizo de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar,

S.ord. 23/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02
Documento asinado

no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarallo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Fíxase unha porcentaxe flexible máxima do 5% na execución da actividade sen que supoña alteración no obxecto do presente convenio e na concesión da subvención.

INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02

Documento asinado

LEXISLACIÓN APLICABLE
A concesión da subvención rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

ACORDO
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(931).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE PROXECTO E CUSTOS ASOCIADOS AOS MESMOS PARA A "MELLORAS NA CANLE DE EIRAS PARA O ABASTECEMENTO EN ALTA AOS LUGARES DE CIDADELLE E RIOFRÍO". EXPTE. 1426/441.
Sométese a aprobación o informe-proposta de data 20/10/2026, asinado polo técnico de Administración xeral, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

Antecedentes
I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 29 de decembro de 2025, acordou a prórroga, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro de 2030, da concesión administrativa da "Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo", outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990, á U.T.E. "SERAGUA-FOCSA VIGO", hoxe denominada, abreviadamente "FCC Aqualia Vigo UTE", con arranxo ás condicións económico-administrativas establecidas na cláusula primeira do contrato.

II.- No devandito acordo de prórroga, no apartado segundo, recóllese a execución dun plan de investimentos por un importe máximo de 41.723.704,74 euros, ou a cantidade que resulte segundo a evolución do custe financeiro e da activación dos desembolsos; plan de investimentos que se concretará nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe "análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga" de data 04.12.2025 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria. O dito cadro foi aprobado pola XGL en data 10.04.2026..

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/10/2026	Páxina 65 de 84
2187-1102 Aprobado por XGL 30/10/2026	CSV: AABD29-C28B38-ED8687-XXZGEA-	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02

Documento asinado

III.- Con data 13 de outubro de 2022 o Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Xacobe Paz Salgado e o Xefe de Área de Servizos Xerais, D. Jerónimo Centrón Castaños emiten informe sobre a necesidade de iniciar a actuación consistente na **MELLORA NA CANLE DE EIRAS PARA O ABASTECEMENTO EN ALTA AOS LUGARES DE CIDADELLE E RIOFRÍO,** en base aos problemas que presenta a canalización actual en forma de perdas de auga non rexistrada, e roturas da mesma que provoca danos en bens a terceiros, así como para establecer un novo punto de rexistro da auga subministrada no punto de derivación, xa que actualmente o control de auga subministrada faise á entrada dos depósitos de Cidadelle e Riorío. Ao aberio do dito informe, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Servizos e Deportes, por medio de Orde de Servizo de data 14 de outubro de 2022, resolveu iniciar o procedemento para o encargo da redacción do correspondente proxecto de obras, que deu lugar á resolución da Xunta de Goberno Local de data 20 de outubro de 2022 na que se acordou encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia a redacción do proxecto técnico das obras de **MELLORA NA CANLE DE EIRAS PARA O ABASTECEMENTO EN ALTA AOS LUGARES DE CIDADELLE E RIOFRÍO.**

IV.- Con data 17 de setembro de 2026 Aqualia-FCC Vigo UTE" (en adiante a concesionaria) presentou o proxecto de **MELLORA NA CANLE DE EIRAS PARA O ABASTECEMENTO EN ALTA AOS LUGARES DE CIDADELLE E RIOFRÍO**", redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos María Ferreiro Núñez, cun orzamento de execución material de UN MILLÓN TRESCENTOS VINTE E NOVE MIL VINTE E UN EUROS con ONCE CÉNTIMOS (1.329.021,11€) e un orzamento base licitación sen IVE de UN MILLÓN CINCOCENTOS OITENTA E UN MIL CINCOCENTOS TRINTA E CINCO MIL EUROS con DOCE CÉNTIMOS (1.581.535,12€) e con sinatura dixital de data 24/08/2026.

V.- Coa mesma data a empresa concesionaria presenta os custes asociados correspondentes ao proxecto de referencia e que se detallan a continuación:

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	INGENIA	26,580.42 €
Asistencia técnica á D.O.	INGENIA	26,580.42 €
Coordinación de seguridade e saúde	CIES ATLÁNTICO SLU (Maximino García Sánchez)	6.645,11 €
	SUMA	59,805.95 €
	11% Gastos de Xestión	6,578.65 €
	TOTAL (IVE excluído)	66,384.60 €

VI.- A Técnica Media de Obras Públicas, Dª María Francisca Arlandis Marra, con data 18 de setembro de 2026 emite informe favorable sobre o proxecto presentado, indicando que a documentación considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as

disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación.

VII.- Coa mesma data o Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Municipal e o Xefe de Área de Servizos Xerais emiten informe no que indica, que as porcentaxes consideradas respecto do PEM do proxecto para o cálculo dos honorarios dos traballos de Redacción, Asistencia e Coordinación de seguridade e saúde, se corresponden cos «ratios» aprobados na Xunta de Goberno Local de data 08 de marzo de 2013 dentro do procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria e é adecuado ao custe do mercado actual.

Consideracións Técnicas e Xurídicas

I. Ainda que a execución do proxecto de obras, obxecto do presente expediente, será realizada pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, como actuación do plan de inversións aprobado para a terceira prórroga do contrato, arriba referida, e, daquela, non será obxecto dun específico procedemento de contratación, tal execución require igualmente, conforme ao establecido no artigo 231 da LCSP para a adxudicación do contrato de obras, a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- O proxecto de obras foi obxecto de supervisión pola Oficina de Supervisión de Proxectos municipal e, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, o proxecto cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario: o proxecto reúne os contidos mínimos e as esixencias que sinalan os artigos 233 LCSP e 125 a 133 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, para os proxectos de obras que deban ser obxecto de específico procedemento de adxudicación, e axústase á normativa técnica de aplicación ao mesmo, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

III.- O proxecto, segundo vai dito, executarase pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, en cumprimento do plan de inversións correspondente a terceira prórroga do contrato de xestión de servizo público, en forma de concesión, da "Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo", outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990. A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local e de conformidade, tamén, co establecido no procedemento a seguir para a execución das obras incluídas nos Plans de Investimentos da Concesión, aprobado pola Xunta de Goberno Local en acordo de 8 de marzo de 2013.

Polo que á vista do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

S.ord. 23/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02

Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02

Documento asinado

ACORDO

Primeiro.- Aprobar o proxecto de **MELLORA NA CANLE DE EIRAS PARA O ABASTECEMENTO EN ALTA AOS LUGARES DE CIDADELLE E RIOFRÍO**", redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos María Ferreiro Núñez, cun orzamento de execución material de UN MILLÓN TRESCENTOS VINTE E NOVE MIL VINTE E UN EUROS con ONCE CÉNTIMOS (1.329.021,11€) e un orzamento base licitación sen IVE de UN MILLÓN CINCOCENTOS OITENTA E UN MIL CINCOCENTOS TRINTA E CINCO MIL EUROS con DOCE CÉNTIMOS (1.581.535,12€) e con sinatura dixital de data 24/08/2026.

Segundo.- Aprobar os custes asociados ao proxecto de **MELLORA NA CANLE DE EIRAS PARA O ABASTECEMENTO EN ALTA AOS LUGARES DE CIDADELLE E RIOFRÍO",** por un importe de 66.384,60 €, (IVE excluído) desagregado do seguinte xeito:

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	INGENIA	26,580.42 €
Asistencia técnica á D.O.	INGENIA	26,580.42 €
Coordinación de seguridade e saúde	CIES ATLÁNTICO SLU (Maximino García Sánchez)	6.645,11 €
	SUMA	59,805.95 €
	11% Gastos de Xestión	6,578.65 €
	TOTAL (IVE excluído)	66,384.60 €

Terceiro.- Nomear como directores de obra a D. Juan Sánchez González e D. Xacobe Paz Salgado, Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos.

Cuarto.- Notifíquese aos interesados a presente resolución, con indicación de que a mesma é definitiva en vía administrativa e que contra ela poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano do que procede a mesma, dentro do prazo dun mes que comenza ao día seguinte ao da súa notificación, ou impugnala directamente ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses. Sen prexuízo de que poida exercitar, no seu caso, calquera outro recurso administrativo que estime procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo dun mes sen ditar e notificar a resolución do recurso.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02

Documento asinado

CONCELLO DE VIGO
Expte. 2187/1102

15(932).- PROPOSTA PARA DECLARAR DESERTO O PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A ORGANIZACIÓN E CONTROL DA CANDIDATURA DAS ILLAS CÍES A XEOPARQUE MUNDIAL DA UNESCO. EXPTE. 9063/104.

Sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada en data 16/10/2026, que di o seguinte:

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a organización e control da candidatura das illas Cíes a xeoparque mundial da UNESCO (anos 2026-2029) (9063-104) (emenda de documentación)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación do servizo para a organización e control da candidatura das illas Cíes a xeoparque mundial da UNESCO (anos 2026-2029) (9063-104)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 17 de xullo de 2026 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto para a contratación do servizo para a organización e control da candidatura das illas Cíes a xeoparque mundial da UNESCO (anos 2026-2029) (9063-104).

Segundo.- O procedemento foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 20 de xullo de 2026, rematando o prazo de presentación de ofertas o día 4 de agosto.

Terceiro.- Segundo consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 5 de agosto de 2026, durante o prazo de recepción de ofertas, presentou ofertas, unicamente, o INSTITUTO PARA EL CRECIMIENTO SOSTENIBLE DE LA EMPRESA, SL.

S.ord. 23/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02

Documento asinado

Cuarto.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 3 de setembro de 2026 adoptou a resolución de clasificación que é notificada ao INSTITUTO PARA EL CRECIMIENTO SOSTENIBLE DE LA EMPRESA, SL o día 4 do mesmo mes xunto co requirimento da documentación do artigo 150.2 LCSP.

A licitadora presenta documentación en prazo e unha vez comprobada a mesma, a Mesa de Contratación acorda, en data 24 de setembro de 2026, por unanimidade dos/as membros presentes, outorgarlle un prazo de 3 días naturais para que puidera emendala. En concreto debía presentar:

- Acreditación da solvencia económica e financeira, xa que na documentación presentada pola mercantil faltaría o xustificante da aprobación e inscrición das contas achegadas tal e como esixe a cláusula 18.3.3.a) do PCAP, solo figura o acuse de recibo da presentación das mesmas.
- Acreditación dos medios persoais segundo o establecido no apartado 5.F) do Anexo I (FEC) do PCAP xa que na documentación achegada non consta acreditada a vinculación dos proxectos realizados polas persoas acreditadas, con candidaturas UNESCO.

Quinto.- Dentro do prazo concedido a licitadora presenta documentación sobre ambos aspectos, solicitándose informe ao servizo xestor sobre a acreditación dos medios persoais.

Sexto.- Tendo en conta a documentación presentada e do informe do xestor de data 9 de outubro de 2026, a Mesa acorda, por unanimidade dos/as membros presentes:

- Considerar acreditada a solvencia económica e técnica por presentar correctamente a documentación requirida.
- Non aceptar o informe do servizo xestor ao non considerar acreditados os medios persoais requiridos no apartado 5.F) do Anexo I (FEC) do PCAP, concretamente a experiencia mínima dos mesmos. Na documentación presentada a licitadora indica que o director adscrito ten unha experiencia directa en candidaturas UNESCO que comeza en novembro de 2025 coa súa incorporación ao INSTITUTO PARA EL CRECIMIENTO SOSTENIBLE DE LA EMPRESA, SL polo que non cumpre o requisito de ter "*9 anos de experiencia específica en dirección, coordinación ou asesoramento técnico vinculados a candidaturas UNESCO, relacionadas co patrimonio natural, a valorización territorial e a gobernanza de espazos de alto valor ambiental*" tal e como establece o devandito apartado das FEC; por outro, con respecto aos consultores senior aos que se lle require ter "*9 anos de experiencia en traballos/proxectos relacionados co dereito ambiental, ordenación do territorio, patrimonio natural, conservación da biodiversidade e análise de marcos normativos aplicables ao desenvolvemento de proxectos vinculados a recoñecementos UNESCO*", a licitadora declara que o primeiro deles ten 2 anos de experiencia en proxectos vinculados a recoñecementos UNESCO e, o segundo, 3 anos e 9 meses.

Sexto.- En vista do anterior, a Mesa de Contratación acorda igualmente, por unanimidade dos/as membros presentes, entender non cumprido o requirimento do artigo 150.2 da LCSP

por parte do INSTITUTO PARA EL CRECIMIENTO SOSTENIBLE DE LA EMPRESA, SL por non ter presentada correctamente a documentación acreditativa dos medios persoais, e, en consecuencia propor, ao órgano de contratación, a declaración de deserto do presente procedemento, ao ser o único candidato admitido.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta o procedemento, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que a única licitadora admitida non cumpriu o requirimento do artigo 150.2 da LCSP, compre declarar deserta este procedemento.

Segundo.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

Terceiro.- A declaración de deserto deberá publicarse no perfil do contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, tal e como dispón o artigo 63.3 da LCSP.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación do servizo para a organización e control da candidatura das illas Cíes a xeoparque mundial da UNESCO (anos 2026-2029) (9063-104) por non cumprir correctamente, a única licitadora admitida no mesmo, o requirimento do artigo 150.2 da LCSP.

Segundo.- Publicar o presente acordo no perfil de contratante en aplicación do establecido no artigo 63.3 da LCSP."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicions legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

S.ord. 23/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02

Documento asinado

.- Proposta de nomeamento de persoal funcionario de carreira con cargo a prazas de bombeiro/a: Oferta de Emprego Público 2020-2021-2022. Expte. 49635/220.

.- Proposta para desistir do procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica da celebración das actividades da campaña do Nadal 2026-2027. Expte. 12197/106.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incursos en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

16(933).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA CON CARGO A PRAZAS DE BOMBEIRO/A: OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2020-2021-2022. Expte. 49635/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 21/10/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 21/10/026, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- En sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local do 17.04.2026 estimouse a proposta de nomeamento de funcionarios en prácticas con cargo a 23 prazas de Bombeiro/a, de acordo as bases xerais e específicas reguladora da convocatoria de procesos selectivos para a cobertura de prazas vacantes incluídas nas Ofertas de Emprego Público dos anos 2020, 2021, e 2022: 1ª fase da convocatoria, publicadas no BOP número 107 de data 03.06.2024.
Nas bases específicas do proceso selectivo de "Bombeiro/a" o nomeamento como funcionario de carreira queda condicionado a superación dun curso selectivo aprobado pola Xunta de Goberno Local, de contido teórico-práctico cun mínimo de 253 horas lectivas.

II.- En anteriores sesións da Xunta de Goberno Local foron acordados o nomeamento como funcionario de carreira de 15 das 23 prazas vacantes presentes nas Ofertas de Emprego Público dos anos 2020, 2021, e 2022:
- En Acordo da Xunta de Goberno Local de data 19.06.2026 se nomearon 5 funcionarios de carreira na categoría de "Bombeiro/a".
- En Acordo da Xunta de Goberno Local de data 07.08.2026 se nomearon 1 funcionario de carreira na categoría de "Bombeiro/a".

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02
Documento asinado

- En Acordo da Xunta de Goberno Local de data 11.09.2026 se nomearon 5 funcionarios de carreira na categoría de "Bombeiro/a".
- En Acordo da Xunta de Goberno Local de data 18.09.2026 se nomearon 4 funcionarios de carreira na categoría de "Bombeiro/a".

III.- Por comunicación de data 15.10.2026, referente a Acta da comisión especial de valoración do curso selectivo de data 07.10.2026 remítese a Área de Recursos Humanos e Formación o seguinte:

Comunicación á Area de RRHH e Formación para o nomeamento de oito Bombeiros.
"*Concluída a Formación no Parque de oito aspirantes a Bombeiros que quedaba pendente (como quedou recollido na acta 11 desta Comisión), adóptase o seguinte acordo:*
Comunicar a Area de RRHH e Formación que, previos os trámites legalmente oportunos, se proceda ao nomeamento como funcionarios de carreira – Bombeiros, aos seguintes aspirantes:

*- D. S. Trillo Curra (DNI ****501**) No 85422 - Bombeiro*
*- D. A. Álvarez Fernández (DNI ****306**) No 85428 - Bombeiro*
*- D. I. Lorenzo Boullosa (DNI ****606**) No 85423 - Bombeiro*
*- D. J. A. Posada Conde (DNI ****970**) No 85429 - Bombeiro*
*- D. D. Rodríguez Baptista (DNI ****438**) No 85419 - Bombeiro*
*- A. Molares Sequeiros (DNI ****577**) No 85424 - Bombeiro*
*- P. Calvo García (DNI ****704**) No 85426 - Bombeiro*
*- E. Zamora Ramírez (DNI ****765**) No 85420 – Bombeiro*
Os restantes 15 Bombeiros e os 7 Condutores-Bombeiros xa foron nomeados como funcionarios de carreira en anteriores fases"

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Normativa de aplicación

-Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.
A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
  "*1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."*

S.ord. 23/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02
Documento asinado

- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que*"el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"*FD CUARTO.- (….) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (…....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autónomica sobre función pública."* A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (…....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución."

II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios de carreira en atención ao marco normativo vixente.

O artigo 9 do citado TREBEP contempla expresamente que *"son funcionarios de carrera quienes, en virtud de nombramiento legal, están vinculados a una Administración Pública por una relación estatutaria regulada por el Derecho Administrativo para el desempeño de*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02
Documento asinado

servicios profesionales retribuidos de carácter permanente", establecendo que *"en todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Estado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca."*

De conformidade co establecido no artigo 61.5 do TREBEP:

"5. Para asegurar la objetividad y la racionalidad de los procesos selectivos, las pruebas podrán completarse con la superación de cursos, de periodos de prácticas, con la exposición curricular por los candidatos, con pruebas psicotécnicas o con la realización de entrevistas. Igualmente podrán exigirse reconocimientos médicos"

As bases reguladoras do proceso selectivo establecían na Base IX das específicas dos procesos selectivos de Bombeira/o e Condutor/a Bombeiro/a (BOP nº 107 do 03/06/2024), en relación coa base décimo quinta das xerais, que as persoas aspirantes nomeadas funcionarias en prácticas para acceder á condición de funcionarias/ os de carreira *"... deberán superar un curso selectivo aprobado pola Xunta de Goberno Local, de contido teórico-práctico cun mínimo de 253 horas lectivas sobre as materias e demais esixencias propias dos citados postos ..."*

Respecto da adquisición da condición de funcionario de carreirao art. 62 do TREBEP dispón que:

"1. La condición de funcionario de carrera se adquiere por el cumplimiento sucesivo de los siguientes requisitos:

a) Superación del proceso selectivo.

b) Nombramiento por el órgano o autoridad competente, que será publicado en el Diario Oficial correspondiente.

c) Acto de acatamiento de la Constitución y, en su caso, del Estatuto de Autonomía correspondiente y del resto del Ordenamiento Jurídico.

d) Toma de posesión dentro del plazo que se establezca."

2. A efectos de lo dispuesto en el apartado 1.b) anterior, no podrán ser funcionarios y quedarán sin efecto las actuaciones relativas a quienes no acrediten, una vez superado el proceso selectivo, que reúnen los requisitos y condiciones exigidos en la convocatoria."

Os prazos establecidos para a toma de posesión prevense na décimo sétima das bases xerais rectoras dos procesos selectivos para a provisión das prazas incluidas nas Ofertas de Emprego Público 2020-2021-2022 (BOP nº 107 de 03/06/2024) que sinala que *"A formalización da toma de posesión efectuarase no prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento das persoas interesada no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 60.c) e e) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia"*

III.- Observacións respecto da xornada e horario.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e demais disposicións concordantes.

S.ord. 23/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02

Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02

Documento asinado

Non obstante o anterior, a xornada, horarios, quendas de traballo e réxime de descansos do persoal adscrito ao Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS) rexeranse polos acordos específicos da Xunta de Goberno Local vixentes en cada momento para este servizo, así como polas súas modificacións ou disposicións de desenvolvemento que poidan aprobarse. Deben considerarse, en todo caso, as peculiaridades que na prestación do servizo se derivan da singular condición do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento.

IV. - Sometemento a fiscalización previa e preceptiva.
O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

V. - Órgano municipal competente.
De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do0 presente expediente.
Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade das concelleiras, delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación (resolución de Alcaldía de data 28/06/2024) e da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da (resolución da Alcaldía de data 25/09/2025 e acordo da Xunta de Goberno Local de 7/11/2025).

En base ao exposto, elévase ao órgano municipal competente a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Nomear como funcionarios de carreira, con cargo a oito (8) das vinte e tres (23) prazas vacantes de Bombeiro/a, incluídas nas Ofertas de Emprego Público 2020-2021-2022 (1ª fase da convocatoria) aos seguintes funcionarios en prácticas, nomeados pola Xunta de Goberno Local en acordos de 17/04/2026 (Exp. 48074-220 para bombeiros/as) ao ter acreditado os requisitos esixidos nas bases da convocatoria, na normativa de aplicación e nos criterios internos do SPEIS relativos á integración no posto de traballo:

APELIDOS	NOME	DNI	PRAZA
TRILLO CURRA	S.	****501**	BOMBEIRO/A
ÁLVAREZ FERNÁNDEZ	A.	****306**	BOMBEIRO/A
LORENZO BOULLOSA	I.	****606**	BOMBEIRO/A
POSADA CONDE	J.A.	****970**	BOMBEIRO/A
RODRIGUEZ BAPTISTA	D.	****438**	BOMBEIRO/A
MOLARES SEQUEIROS	A.	****577**	BOMBEIRO/A
CALVO GARCÍA	P.	****704**	BOMBEIRO/A
ZAMORA RAMÍREZ	E.	****765**	BOMBEIRO/A

SEGUNDO.- Dispoñer que os aspirantes nomeados deberán tomar posesión como funcionarios de carreira no prazo de un mes contado a partir da publicación dos

nomeamentos no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co previsto nas bases xerais rectoras da convocatoria das prazas incluidas nas Ofertas de Emprego Público 2020-2021-2022 (1ª fase).

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos interesados, as conselleiras, delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación e da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, ás Xefaturas das Áreas de Mobilidade e Seguridade e do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento, Servizo de Prevención de Riscos Laborais e á Xunta de Persoal, para coñecemento e efectos.

CUARTO.- Informar que contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo que resulte competente, no prazo de 2 MESES a contar dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

ACORDO
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(934).- PROPOSTA PARA DESISTIR DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCIÓN TÉCNICA DA CELEBRACIÓN DAS ACTIVIDADES DA CAMPAÑA DO NADAL 2026-2027. Expte. 12197/106.
A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/10/2026, asinado pola xefa da Área de Contratación e novos proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo interventor xeral, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)

S.ord. 23/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02
Documento asinado

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica da celebración das actividades da campaña do Nadal 2026-2027 (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica da celebración das actividades da campaña do Nadal 2026-2027 (PPT)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Na sesión do 18 de setembro de 2026 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

"PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto do servizo de produción técnica da celebración das actividades da Campaña do Nadal 2026-2027 cun orzamento base de licitación (IVE incluído) de CENTO NOVE MIL SETECENTOS SETENTA E CATRO CON SESENTA E SEIS (109.774,66 €), segundo a seguinte distribución de anualidades:

Anualidade	*Importe*
2026	*79,910.13 €*
2027	*29,864.53 €*

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo xefe do Servizo de Comercio con data 31.08.09.2026, así como aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación por este procedemento, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 16.09.2026.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto por importe de 79.910,13 € con cargo a aplicación orzamentaria 4310.2279901 "PROGRAMA DE DECORACIÓN Y ANIMACIÓN NADAL" e asumir o compromiso de dotar no orzamento inicial do exercicio 2027 na aplicación orzamentaria 4310.2279901 "PROGRAMA DE DECORACIÓN Y ANIMACIÓN NADAL", crédito por importe de 29.864,53 €".

Segundo.- O 22 de setembro de 2026 publicouse o anuncio no perfil de contratante.

Terceiro.- Finalizado o prazo de presentación de proposicións, a Mesa de Contratación, na súa sesión do 15 de outubro de 2026, acordou:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02

Documento asinado

- Admitir neste procedemento a FLUGE GALICIA, SL, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

Na mesma sesión abriuse o Sobre B *"Proposición avaliable mediante xuízo de valor"* do licitador admitido e acordouse "solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor".

Cuarto.- O xefe do Servizo de Comercio emitiu informe de valoración do Sobre B o 17 de outubro de 2026. A entrega deste informe incluíuse na orde do día da sesión da Mesa de Contratación do día 22 de outubro de 2026

Quinto.- A Mesa de Contratación, na súa sesión do 22 de outubro de 2026, acordou "*Retírase este punto da orde do día a petición do servizo para revisión do informe de valoración*".

Sexto.- Con data do 22 de outubro de 2026 o xefe do Servizo de Comercio remite dilixencia á Area de Contratación e Novos Proxectos co seguinte teor literal:

> *"En relación co expediente de contratación 12197/106. Contratación por procedemento aberto de tracto sucesivo da produción técnica para a celebración das actividades para a campaña do nadal 2026-2027, comunícase que se detectou un erro material na puntuación establecida nos pregos que rexen o procedemento de contratación.*
>
> *En consecuencia, solicítase a ese **Departamento de Contratación** o **desestimento do procedemento de contratación**, ao abeiro do artigo 152.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, por concorrer unha posible infracción non emendable das normas reguladoras da preparación do contrato ou do procedemento de adxudicación, derivada do erro detectado nos pregos.*
>
> *Así mesmo, de ser o caso, procederase á corrección dos pregos e á tramitación dun novo procedemento de contratación, co fin de garantir a correcta aplicación dos criterios de adxudicación e os principios que rexen a contratación pública".*

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-
Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas

S.ord. 23/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02
Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02

Documento asinado

administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

-II-
Da desistencia

A desistencia do procedemento de adxudicación por parte da Administración vén regulada no artigo 152 LCSP así como na cláusula 22 do PCAP que rexe esta licitación.

A desistencia deberá fundarse nunha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación e deberá xustificarse a concorrencia da causa no expediente.

A desistencia só poderá acordarse previamente á formalización do correspondente contrato e non impedirá a iniciación inmediata dun novo procedemento de licitación de conformidade co disposto no devandito artigo 152 LCSP.

O acordo de desistencia notificarase aos candidatos ou licitadores, publicarase no perfil de contratante (artigo 63.3 da LCSP) e no portal de transparencia (artigo 8.1a da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno) e informarase á Comisión Europea desta decisión cando o contrato teña sido anunciado no Diario Oficial de la Unión Europea (artigo 152.1 LCSP).

Así mesmo, segundo o previsto na cláusula 22 do PCAP, compensarase ao licitador polos gastos xustificados nos que tivese incorrido (artigo 152 LCSP), sen que a indemnización supere en ningún caso a cantidade de 100 euros.

-III-
Da concorrencia dos requisitos para a desistencia do contrato

En primeiro lugar, cómpre ter en conta as características e circunstancias concorrentes neste contrato.

Segundo o previsto no apartado 2A do Anexo I -FEC- do PCAP, o obxecto deste contrato é a produción técnica de soporte dos espectáculos e actividades da programación de Nadal durante a Campaña 2026-2027. As actividades encádranse nas seguintes tipoloxías:

a) TIPOLOXÍA I: acto de conta atrás do inicio da Campaña do Nadal

b) TIPOLOXÍA II: acto de acendido das luces de Nadal

c) TIPOLOXÍA III: acto do apagado das luces de Nadal

Indica o apartado 2B que este servizo pertence ao CPV 79952100-3 (Servizos de organización de eventos culturais) encadrado no Anexo IV da LCSP na categoría "Servizos administrativos sociais, educativos, sanitarios e culturais".

Para os efectos de dar cumprimento ao disposto no artigo 145.4 da LCSP, ao tratarse dun servizo do Anexo IV contempláronse no PCAP criterios relacionados coa calidade aos que se asignaron máis de 51 puntos distribuídos como se transcribe:

"A) CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE DE XUÍZO DE VALOR: valoraranse con **51 puntos**

A.1.- Proxecto de montaxe e desmonte das tipoloxías II e III: *valorarase con ata* ***25 puntos***
Indicaranse as operacións de montaxe e desmonte de medios técnicos, materiais, equipamentos, maquinaria e infraestruturas necesarias para o desenvolvemento dos actos. Deberá incluírse a relación de materiais e equipamento que se utilice, especificando marcas, modelos e características técnicas, así como as certificacións de homologación de todos os materiais e maquinaria a utilizar.

A.2.- Proposta de deseño e montaxe da pantalla do acto de conta atrás da tipoloxía I: *valorarase con ata* ***16 puntos***

A.3.- Plan de medios humanos para a xestión de traballos técnicos e auxiliares necesarios para o desenvolvemento dos espectáculos/concertos: *valorarase con ata* ***6 puntos***
Detallaranse os seguintes aspectos:

a) *Reparto de funcións por categorías laborais. Incluirase un organigrama que inclúa todo o persoal técnico e auxiliar necesario especializado que realice as funcións detalladas nos apartados do punto 6 do PPT para cada unha das tipoloxías de espectáculos/concertos.*

b) *Deberá especificar a definición dos grupos profesionais e a formación específica de cada un deles, así como a formación complementaria.*

A.4.- Plan de calidade, seguimento e control: *valorarase con ata* ***4 puntos***

Incluirá os mecanismos achegados pola empresa en material de control de calidade das infraestruturas e da prestación dos servizos. Protocolo de resolución de incidencias detectadas durante o período de nadal".

"B) CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA: *valoraranse con ata* ***49 puntos"***

S.ord. 23/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02
Documento asinado

[...] "B.2.- Incremento do número de vixiantes uniformados esixidos na cláusula 6.2.b do PPTP para a realización de tarefas de vixilancia nas instalacións e control de accesos dos eventos das tipoloxías II e III sen custe para o Concello: *valorarase con ata* ***8 puntos***

A puntuación distribuirase consonte a seguinte escala:

- ***a) Vixiante uniformado no evento da Tipoloxía II:*** *valorarase con ata* ***4 puntos***
  Outorgaranse 4 puntos por cada persoa uniformada adicional da tipoloxía II.
- ***b) Vixiante uniformado no evento da Tipoloxía III:*** *valorarase con ata* ***4 puntos***
  Outorgaranse 4 puntos por cada persoa uniformada adicional da tipoloxía III".

É dicir, asignáronse, por erro, un total de 59 puntos aos criterios de calidade, dos cales 51 se atribuían a criterios avaliables mediante xuízo de valor, a pesar de que non se consideraba necesaria a designación dun comité de expertos, tal e como se desprende da memoria xustificativa de data 3 de setembro de 2026 e do propio PCAP cuxo apartado 7C das FEC establece:

"C) COMITÉ DE EXPERTOS (en caso afirmativo, COMPOSICIÓN): *non****"***

Ao terse asignado unha maior ponderación aos criterios avaliables mediante xuízo de valor respecto da atribuída aos criterios avaliables de forma automática sen prever a designación dun comité de expertos ou encomendar a avaliación das ofertas a un organismo técnico especializado, incorreuse nun incumprimento do disposto no apartado 2.a) do artigo 146 que prevé:

"*Nos procedementos de contratación abertos ou restrinxidos levados a cabo por organismos da administración pública, a avaliación dos criterios que requiren un xuízo de valor —especificamente nos casos en que tales criterios teñen unha ponderación maior ca aqueles que poden avaliarse de xeito automático— deberá ser realizada por unha comisión de expertos debidamente cualificados. Esta comisión debe estar composta por, cando menos, tres membros; aínda que estes poden pertencer a departamentos baixo a autoridade do órgano de contratación, en ningún caso poden estar vinculados á unidade que propuxo o contrato. Esta última unidade será a responsable de avaliar as ofertas, ou ben poderá delegar esta tarefa nun órgano técnico especializado, o cal deberá estar debidamente identificado nos pregos da licitación*".

Tendo en conta o anterior, pódese concluír que se cumpren os requisitos esixidos na cláusula 22 do PCAP e no artigo 152 da LCSP:

1. O incumprimento do mandato legal do apartado 2.a) do artigo 146 da LCSP pon de manifesto que se produciu unha infracción non emendable das normas de preparación do contrato, concretamente do PCAP, ao terse asignado aos criterios de xuízo de valor

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02

Documento asinado

unha puntuación superior á dos criterios automáticos sen terse previsto a designación dun comité de expertos.

Dado o momento procedimental no que se atopa o expediente, abertos os Sobres A e B, a infracción non é emendable ao abeiro do disposto no artigo 122 da LCSP que establece que "*Os pregos de cláusulas administrativas particulares deben aprobarse ben con anterioridade á autorización do gasto, ben de xeito simultáneo a esta; en todo caso, deben aprobarse antes da licitación do contrato (ou, de non existir tal proceso de licitación, antes da adxudicación do contrato). As modificacións posteriores só están permitidas para corrixir erros materiais, de feito ou aritméticos. En calquera outro caso, a modificación dos termos e condicións requirirá retrotraer o procedemento a unha fase anterior*".

2. A desistencia é posible por canto o contrato aínda non foi formalizado.

-IV-

Recursos

Contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

Con carácter previo ao recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición. No entanto, de conformidade co artigo 123.2 da LCSP, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

-V-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

-VI-

Proposta de acordo

En base ao anterior, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo:**

S.ord. 23/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02

Documento asinado

"1º.- Desistir do procedemento aberto para a contratación do procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica da celebración das actividades da campaña do Nadal 2026-2027 (12.197-106) polas razóns expostas no precedente informe.

2º.- Anular o gasto autorizado pola Xunta de Goberno local na sesión do 18 de setembro de 2026 por importe de 79.910,13 euros con cargo á aplicación orzamentaria 4310.2279901 "Programa de decoración y animación Nadal" así como o compromiso de dotar no orzamento inicial do exercicio 2027 na aplicación orzamentaria 4310.2279901 "Programa de decoración y animación Nadal", crédito por importe de 29.864,53 euros.

3.- Notificar este acordo ao interesado e publicar no perfil de contratante e no portal de transparencia".

ACORDO
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(935).- ROGOS E PREGUNTAS.
Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:29:02

Documento asinado